

**A C T A 9/2020**  
**SESIÓN ORDINARIA PLENO MUNICIPAL**  
**- 30 DE SETEMBRO DE 2020 -**

Na Casa do Concello, a trinta de setembro de dous mil vinte, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero  
D. Xosé Ignacio Iglesias Villar  
D.<sup>a</sup> María López Álvarez  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> María Teresa Castro Framil  
D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D.<sup>a</sup> María Josefa Argibay da Silva  
D. José Manuel Elías Noya  
D. Manuel Anxo Fernández Baz  
D.<sup>a</sup> Carmen Diéguez González

**Non asiste, previa escusa:**

D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

- 1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 01.07.2020**
- 2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 656/2020 Á 861/2020)**
- 3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL**
- 4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN D.<sup>a</sup> IRIA OTERO ROMERO E D.<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ**
- 5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INTANTÍS MUNICIPAIS**
- 6.- RATIFICACION DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 25 DE SETEMBRO DO 2020 APROBANDO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO CON ORIXE OU DESTINO NA URBANIZACIÓN DOS TILOS.**
- 7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2021**
- 8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO**

## **9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR**

### **10.- MOCIÓNS**

### **11.- ROGOS E PREGUNTAS**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da concelleira do PP, D.<sup>a</sup> Margarita Rosende Domínguez, por motivos persoais coñecidos por todos/as, procedéndose a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DE 01.07.2020.**

O sr. alcalde pregúntalle aos/ás sres/as. concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o 1 de xullo de 2020.

Non habendo observacións ao respecto, queda aprobada a acta citada.

#### **2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (DA 656/2020 Á 861/2020).**

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas dende o día dende o día 24 de xullo de 2020 ata o 24 de setembro de 2020, que comprenden os números 656 ao 861, indicando o sr. alcalde que estiveron a disposición de todos os membros da Corporación.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

### **3.- DAR CONTA DO CUMPRIMENTO DO ARTIGO 104 BIS DA LEI 7/1985, DO 2 DE ABRIL, EN RELACIÓN CO PERSOAL EVENTUAL.**

O sr. alcalde da conta do cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, en relación ao persoal eventual, segundo o documento incorporado ao expediente, que se reproduce a continuación, indicando que está a disposición de todos os membros da Corporación para a súa consulta se así o desexan.

#### **“ DACIÓN DE CONTA**

*Segundo o artigo 104 bis 1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (en adiante, LRBRL) as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos deberá axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do concello de Teo, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla dous postos de traballo de persoal eventual.*

*Segundo o apartado 4 do mesmo artigo, o persoal eventual terá que asignarse sempre aos servizos xerais das Entidades Locais en cuxa plantilla aparezan consignados, podendo asignarse, só excepcionalmente, con carácter funcional, a outros dos servizos e departamentos da estrutura propia da Entidade Local, se así o reflectira expresamente o seu regulamente orgánico.*

*Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.*

***De acordo co exposto, dáse conta ao Pleno da Corporación do cumprimento no concello de Teo da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar con un posto de traballo de persoal eventual, que é a Xefa de gabinete e comunicación, asignado aos servizos xerais da Entidade Local.***

Teo, 25 de setembro de 2020

O alcalde,

Rafael C. Sisto Edreira”

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **4.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS EN D.<sup>a</sup> IRIA OTERO ROMERO E D.<sup>a</sup> MARÍA LÓPEZ ÁLVAREZ.**

O sr. alcalde da conta da Resolución da Alcaldía do 9 de setembro de 2020 (res. 803/2020), que se reproduce a continuación:

#### **“RESOLUCIÓN DA ALCALDIA**

**ASUNTO:** Modificación da delegación de atribucións en D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero e María López Álvarez

**EXPEDIENTE:** 2020/G003/000818

Considerando que, tras a celebración das eleccións locais do 26 de maio de 2019 e constituída o 15 de xuño a nova Corporación, por esta Alcaldía ditáronse, entre outros, para proceder ao establecemento da nova organización municipal, o Decreto do 3 de xullo de 2019 relativo ás delegacións nas/os concelleiras/os (res. 524/19) e o Decreto do 3 de xullo de 2019 relativo á constitución da Xunta de Goberno Local, nomeamento dos seus membros e delegación de competencias na mesma (res. 522/19), modificado por Decreto da mesma data (res. 526/2016).

Considerando que, mediante o citado Decreto do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019), fíxose a delegación de atribucións nas/os concelleiras/os, delegándose en D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero as atribucións relativas a mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, e en D.<sup>a</sup> María López Álvarez as atribucións relativas a lingua e mocidade, ambas sen facultades resolutorias, e coa facultade de dirixir e xestionar os servizos recollidos no Decreto citado.

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 31 de xullo de 2019, acordou aprobar, entre outras, a dedicación exclusiva da concellería de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade.

Tomando en consideración as necesidades de xestión do goberno municipal para o próximo exercicio e a dispoñibilidade persoal das concelleiras e dos concelleiros que conforman o goberno municipal.

Considerando o disposto, en canto ao réxime de delegacións, nos artigos 5.3, 6 e 7 do Regulamento orgánico da Corporación municipal de Teo (en adiante, ROM), artigo 23.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora da bases do réxime local (en adiante, LRBRL), e artigos 114 e 120 do RD 2586/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante, ROF), en concordancia coas previsións da lexislación autonómica de réxime local contidas na Lei 5/97, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en adiante, LALGA).

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

**RESOLVO:**

**Primeiro.**- Revogar a delegación efectuada a D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero das atribucións de mobilidade, comercio, turismo, emprego e igualdade, dando lugar á perda da dedicación exclusiva con que conta dita concellería, e revogar a delegación efectuada a D.<sup>a</sup> María López Álvarez das atribucións de lingua e mocidade.

**Segundo.**- Delegar en D.<sup>a</sup> María López Álvarez as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias, dando lugar á retribución por dedicación exclusiva con que conta dita concellería.

Mobilidade, Comercio, Turismo, Emprego e Igualdade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

Mobilidade

Transporte

Teobús

Camiños escolares

Sendas peonís e ciclistas (en colaboración coa concelleira de urbanismo)

Comercio e Turismo

Axencia de desenvolvemento Local

Emprego

Información e orientación laboral

Xestión ETC de Solláns

Obradoiros de emprego

### Igualdade

CIM

Prevención da violencia de xénero

Promoción da diversidade

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Terceiro.**- Delegar en D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero as atribucións que se relacionan a continuación, sen facultades resolutorias.

Lingua e Mocidade, coa facultade de dirixir e xestionar en xeral os seguintes servizos:

#### Lingua

Aplicación da ordenanza de normalización

Promoción do galego na administración

Promoción social do idioma

#### Mocidade

Campamentos

Campañas específicas

En xeral, as súas funcións serán todas as relacionadas coa área ou materia que se delegue, sen incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

**Cuarto.**- Conservar o réxime de delegacións efectuado mediante Decreto da Alcaldía do 3 de xullo de 2019 (res. 524/2019) agás o previsto, nos termos do presente, para D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero e D.<sup>a</sup> María López Álvarez.

**Quinto.**- O presente Decreto surtirá efecto dende o día seguinte ao da súa data, sen prexuízo da súa preceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación, debéndose notificar ás concelleiras afectadas aos efectos do previsto no artigo 114 do ROF, que esixe, para á eficacia da delegación, a súa aceptación por parte do/a delegado/a, entendéndose tacitamente aceptada se no termo

de tres días hábiles non fai manifestación expresa ante o órgano delegante de que non acepta a delegación.

**Sexto.-** Da presente resolución darase conta á Xunta de Goberno local e ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

**Sétimo.-** Notifíquese o presente aos interesados, dar traslado a todos os departamentos municipais para o seu coñecemento e efectos oportunos, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, na web municipal e no taboleiro de edictos do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte o da presente Resolución”.

O Pleno da Corporación dáse por enterado.

#### **5.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INTANTÍS MUNICIPAIS.**

O sr. alcalde explica que ao tratarse dun asunto que non foi previamente ditaminado pola Comisión Informativa correspondente, procede ratificar a súa inclusión na orde do día.

**Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.**

O sr. alcalde cede a palabra ao concelleiro dos servizos de benestar, persoal e deportes, D. Xosé Ignacio Iglesias Villar.

O sr. Iglesias da conta da proposición da Alcaldía do 25 de setembro de 2020, que se recolle a continuación.



## “ PROPOSICIÓN DA ALCALDIA

### **ASUNTO: MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS.**

Vistos os informes que obran no expediente, e dado que a Corporación ten potestade para establecer e esixir prezos públicos, e que a ordenanza é o instrumento axeitado para o exercicio da potestade regulamentaria do Concello.

Atendendo a que a modificación que se propón supón a introdución dunha bonificación do 100% do prezo establecido para a atención educativa a favor dos segundos fillos e posteriores da unidade familiar, derivado da modificación da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia pola Lei 7/2019 de medidas fiscais e administrativas e así mesmo propónse unha modificación no réxime de pagamento e xestión co fin de adaptar a administración e cobro á realidade administrativa da xestión dos cobros.

Por todo o exposto, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“1. Atención educativa.

-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais, para os primeiros fillos da unidade familiar. Os segundos e posteriores terán de balde este servizo.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

Entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior. A primeira filla ou fillo, ten que ser menor de 18 anos no momento da matrícula ou maior discapacitado.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse

as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
Inferiores ao 30% IPREM	- €	159,75 €	- €
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75 €	266,25 €	- €
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25 €	399,38 €	33,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38 €	532,51 €	66,00 €
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51 €	665,64 €	85,00 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64 €	798,77 €	105,00 €
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02 €		160,00 €

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar”.

**Segundo.-** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte”.

**Terceiro.**- Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

**Cuarto.**- O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncian o apoio dos seus respectivos grupos.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de la Uz.

A sra. Calvo anuncia o apoio do seu grupo, engadindo que tamén quería facer referencia a un escrito presentado pola sra. Rosende en relación coa petición de información sobre a gratuidade do segundo fillo e seguintes nas escolas infantís, ante a persistencia dos pais e nais que falan co seu grupo sobre as palabras do sr. Iglesias. Sinala que segundo estes o sr. Iglesias ao ser preguntado pola gratuidade respostou publicamente “*iso é un mentira electoral de Feijóo*”. A sra. Calvo pregunta se iso é verdade.

O sr. Iglesias resposta que non.

A sra. Calvo pregunta se minten os pais e nais.

O sr. Iglesias sinala que el o que dixo é que era unha promesa electoral de Feijóo.

A sra. Calvo di que como se esta vendo é unha realidade. Explica que a citada concelleira recibiu como resposta un escrito, con saída do Sábado 14 de setembro de 2020, no que, resumidamente, se dicía que por parte da Xunta non existía concreción. A sra. Calvo sinala que xa non se atreve a afirmar que o sr. Iglesias dixera que era unha mentira de Feijóo, porque agora o nega, aínda que supostamente o dixo. Preguntalle a sra. Calvo ao sr. Iglesias como, supostamente, se atreve a dicir iso.

O sr. Iglesias reitera que el en ningún momento dixo que iso era unha mentira.

A sra. Calvo sinala que, se o sr. Iglesias o dixo, non entende como o puido dicir. Sinala que esa axuda é unha realidade non é unha quimera como pretendía dicir o sr. Iglesias. Explica a sra. Calvo que o Concello de Teo, no plan anual de servizos comunitarios 2020, amosou o seu interese en adherirse á medida, existindo incluso unha nota aclaratoria da Xunta de Galicia.

O sr. Iglesias di que é desta semana.

A sra. Calvo di que, aínda que a nota fora desta semana, so facía falla chamar á Consellaría, ao gabinete ou ao consorcio, xa que se trataba diso, e preguntalle ao sr. Iglesias se o fixo. Considera a sra. Calvo que non era un tema para facer demagogia, engadindo que non pasa nada por dicir que as políticas do presidente Feijóo están ben, xa que de feito hoxe están neste Pleno para adaptar a ordenanza e poder acollerse a esa medida.

Pregunta a sra. Calvo como, se era tan impreciso todo, os demais concellos o están aplicando, como Lousame e Bouqueixón, e remata a súa intervención anunciando o apoio do seu grupo, por responsabilidade e porque é o que hai que facer.

O sr. Iglesias di que á hora de responder a sra. Rosende foi bastante comedido porque realmente estaban, non cabreados a nivel político, senón cabreados a nivel técnico. Considera que é unha vergoña que a Xunta de Galicia saque una nota aclaratoria, que chega esta semana a través da FEGAMP, sobre unha norma que saíu publicada en

decembro de 2019. A nota di textualmente “*ante as dúbidas xeradas en algúns concellos, a Xunta de Galicia aclara que...*”, e aclara unha serie de cousas, ás que se refire o sr. Iglesias.

Refírese o sr. Iglesias ao contido desa nota aclaratoria e explica que cando se fai a modificación da ordenanza fiscal non so é un tema político, tamén se trata dun tema técnico.

Explica que levaban meses intentando pechar algo disto. En xuño se lle fixeron consultas á Consellaría, cando se tramitou o do plan concertado para servizos sociais, e se lles indica que darán a subvención do deixado de percibir a través da subvención de cofinanciamento dos servizos sociais. Sinala que se lles preguntou como se calculaba esa perda, e non se aclarou en absoluto.

Explica o sr. Iglesias que a subvención para as escolas infantís lla comunican ao Concello a 31 de decembro, para o período dese ano que remata, polo tanto non se pode facer un cálculo exacto dos ingresos que se van a ter nunca nun ano. Este ano non se sabe nin que cálculo aplican, nin que datos van a pedir, porque non teñen información. Explica o sr. Iglesias que na ordenanza se di “*que se aplica ao segundo/a filla/a fillos da unidade familiar*” e sinala que habería que preguntarse que é unidade familiar, porque aínda que pode parecer unha pregunta tonta a realidade das familias é variable, e así habería que decidir se se refire os fillo/s da parella actual, se inclúe os fillos de parellas anteriores, se fai referencia aos que teñen a patria potestade, os que teñan a custodia compartida, etc, polo que se optou por poñer “*entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior*”, pero esa decisión é de Teo, porén non se aclara se isto é o que van a subvencionar ou non. Explica que tamén se fala de que a primeira filla ou fillo ten que ser menor de 18 anos, engadíndose en Teo “*no momento da matrícula*”, porque, aínda que pareza sinxelo, cando se fala de que alguén sexa menor de 18 hai que precisar en que momento, engadíndose ademais aos maiores discapacitados, porque senón poderían reclamalo, pese a que a Xunta non o indica.

Sinala o sr. Iglesias que tamén habería que preguntarse que é atención educativa, porque hai que definilo, engadindo que hai custos que non se sabe se son subvencionables, como o comedor, e non foron capaces de concretalo.

Explica o sr. Iglesias que como todo é bastante indefinido, se fixo un traballo serio polos técnicos, porque querían unha norma seria que non cometera inxustizas, e por iso se parou.

Salienta que o que lle dixo aos pais é que había unha serie de inconcrecións que facían difícil chegar ao cambio, engadindo que se fixo porque é necesario, porque senón non se podería aplicar, porén realmente, dente un punto de vista técnico, quedan moitas cousas no aire por concretar.

Considera o sr. Iglesias que non é serio, engadindo que por exemplo el iría a nivel de renda, porque hai xente que con un segundo fillo pode pagar e hai xente que non pode co primeiro, porén iso é un criterio político, e o señor Feijóo ten todo o dereito do mundo a facer política neoliberalis.

Salienta o sr. Iglesias que non existe un estudo técnico e xurídico que resolva as cuestións que xorden, de tipo técnico, e niso non existe posicionamento político. Considera que non se pode sacar un texto xenérico, que non aclara nada, e que di que se *“compensara aos concellos a través dunha subvención”* e a día de hoxe non se sabe cal será o ingreso das escolas infantís, aínda que os gastos si se saben.

Reitera o sr. Iglesias que non é serio, engadindo que a explicación que teñen é que a 31 de decembro lles dirán a subvención que dan ao Concello de Teo, porque ata o 2 de xaneiro non se saberá canto pagaran pola compensación do 2020.

Explica que canda fala como representante institucional, non fala de mentiras, o que si dixo é que se trataba dunha promesa, porén detrás non se se comunicaron cousas tan vitais como as que se expuxeron. Salienta que isto o mandou a FEGAMP o martes,

porque hai concellos que están publicando barbaridades, porque ninguén sabe como tirar.

Explica o sr. Iglesias que se somete a Pleno, porque non se chegou a Comisión Informativa porque se ía ao límite, e despois chegou a nota aclaratoria, que tampouco aclara tanto, porque non aclara os flecos que quedaron abertos.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, e a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinalan que non teñen nada que engadir.

A sra. Calvo sinala que tecnicamente non ten nada que botarlle en cara ao sr. Iglesias, que para iso é o concelleiro encargado e ten que poñerse en contacto con quen sexa.

Sendo as vinte horas e vinte e dous minutos, abandona o Salón de Plenos a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela.

A sra. Calvo sinala que non acaba de alcanzar a entender como outros concellos o están aplicando. Tratándose das dúbidas sinala a sra. Calvo que é unha medida relativamente nova e é normal. Sinala que se o sr. Iglesias insiste en que os pais e nais minten e que el non dixo iso na reunión, llo trasladara, porque ela non estaba alí.

A sra. Calvo sinala que diferentes pais e nais, e moitos non precisamente do PP, lles chamaron escandalizados coa actitude do sr. Iglesias. Dille ao sr. Iglesias que se poña en contacto con outros concellos para ver como o fixeron. Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando o voto a favor do seu grupo.

O sr. alcalde di que ten que dicir algo para pechar o debate e para defender aos técnicos municipais.

A sra. Calvo sinala que ela dos técnicos non ten nada que dicir, porque o feito de que xurdan dúbidas é o normal e o concelleiro é o sr. Iglesias.

O sr. alcalde di que quen redacta o regulamento e quen define os criterios do mesmo son os técnicos e se a estes non se lle dan as bases necesarias para executar o Regulamento hai un problema.

O sr. alcalde di que vai a poñer un exemplo para que se vexa que é xeral, e sinala que hoxe saíu unha nota de prensa do Ministerio de Facenda que di que o goberno “suspende a aplicación das regras fiscais para o 2020-2021”.

Explica que non é unha promesa electoral, pero si que é unha declaración á prensa, e con esa declaración non se pode montar ningunha política municipal orzamentaria, senón que hai que esperar a que saia o BOE, e o defina, e a partir de aí os servizos económicos poderán comezar a montar a política orzamentaria municipal. Salienta o sr. alcalde que diso se trata neste caso.

Explica que o que están dicindo é que para trasladar a unha ordenanza fiscal un cambio, que é moi significativo e moi positivo, se precisa unha concreción que vaia máis alá dunha declaración, e iso tardou en facerse, e de feito a comunicación da FEGAMP chegou esta semana. Aclara que se fixeron intentos de preguntas, porén non se atopou interlocutor, porque na propia Xunta como non estaba definido, ninguén se atrevía a dicir “isto vai a ser así” ou “vos vamos a pagar isto”.

Remata o sr. alcalde sinalando que se trata dunha medida interesante e pese aos riscos hai que trasladalo á ordenanza.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 5.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

**“1. Atención educativa.**

**-O prezo pola atención educativa en xornada completa nas escolas infantís 0-3 dependentes do concello de Teo fíxase en 160 € mensuais, para os primeiros**



fillos da unidade familiar. Os segundos e posteriores terán de balde este servizo.

Entendemos por Atención Educativa o coidado e educación de como máximo 8 horas de xornada lectiva, excluídas as horas extras e o os servizos de comedor. Non inclúe o material funxible que se utilice nos traballos individuais.

Entendemos por segundos fillos aqueles nenos ou nenas nos que os dous ou un dos proxenitores teña un fillo ou filla anterior. A primeira filla ou fillo, ten que ser menor de 18 anos no momento da matrícula ou maior discapacitado.

-Segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no seguinte cadro:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL DA UNIDADE FAMILIAR	Límite inferior	Límite superior	Xornada completa.
Inferiores ao 30% IPREM	- €	159,75 €	- €
Entre o 30% e inferiores ao 50% IPREM	159,75 €	266,25 €	- €
Entre o 50% e inferiores ao 75% IPREM	266,25 €	399,38 €	33,00 €
Entre o 75% e inferiores ao 100% IPREM	399,38 €	532,51 €	66,00 €
Entre o 100% e inferiores ao 125 IPREM	532,51 €	665,64 €	85,00 €
Entre o 125% e inferiores ao 150% IPREM	665,64 €	798,77 €	105,00 €
Entre o 150% e 200% IPREM	798,77 €	1.065,02 €	139,00 €
Superiores ao 200% IPREM	1.065,02 €		160,00 €

Cando o alumno ou alumna teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, o prezo da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade

familiar”.

**Segundo.-** Aprobar inicialmente a modificación do artigo 8.1 Ordenanza fiscal, de xeito que quede redactado como segue:

“1.- O pagamento das cotas, sen prexuízo do establecido no artigo 6 desta ordenanza, realizarase mensualmente nos dez primeiros días naturais do mes a que correspondan. Cando o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes, ou en xeral os servizos que non se poidan computar e calcular por adiantado, pagaranse xunto coa cota do mes seguinte”.

**Terceiro.-** Someter o expediente a información pública mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de Edictos da Corporación durante 30 días.

No suposto de que non se presentaran reclamacións contra o mesmo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo ata entón provisional.

**Cuarto.-** O acordo definitivo, incluído o inicial elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das modificacións, así como a Ordenanza definitiva modificada, deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen que entre en vigor ata que se leve a cabo dita publicación e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da citada Lei.

**6.- RATIFICACION DO DECRETO DA ALCALDÍA DO 25 DE SETEMBRO DO 2020 APROBANDO O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO PARA A COORDINACIÓN DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO CON ORIXE OU DESTINO NA URBANIZACIÓN DOS TILOS.**

O sr. alcalde cede a palabra á concelleira de lingüa e mocidade, D.<sup>a</sup> Iria Otero Romero.

A sra. Otero explica que, como consecuencia dos prazos, o Convenio non se puido someter a Pleno para a súa aprobación, e foi preciso aprobalo por Decreto da Alcaldía, para a súa ratificación plenaria posterior.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o sr. portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que como apoian que se manteña o servizo nos Tilos, aprobarán o Convenio.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, amosan a apoios dos seus respectivos grupos.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda ratificar o Decreto da Alcaldía do 25 de setembro (res. 864/2020), que se reproduce a continuación.**

#### **“DECRETO ALCALDÍA**

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión do 31 de xullo de 2014, acordou aprobar a proposta de convenio para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización Os Tilos, remitida pola Dirección Xeral de Mobilidade en escrito asinado o 26 de maio de 2014.

Considerando que, na sesión plenaria celebrada o 30 de outubro de 2014, o Concello de Teo aprobou o novo texto do "Convenio de colaboración sobre o servizo de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos", remitido pola Dirección Xeral de mobilidade (rex. entrada nº 9822, do 28/10/2014), que incorporaba un novo apartado 4 á cláusula cuarta do convenio.

Considerando que, na sesión extraordinaria do pleno da Corporación celebrada o 30 de agosto de 2015, o Concello de Teo aprobou o novo texto do "Convenio de colaboración para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos", remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade, con data de 24 de agosto (rex. entrada nº 6.273).

Considerando que o pasado 27 de agosto recibíuse nesta Alcaldía, por correo electrónico, escrito do Director Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas na que se comunicaba que *“A entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, fai preciso realizar unha renovación do convenio para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos, asinado con data do 14 de setembro de 2015, para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade de interese público que persegue dando satisfacción á demanda de mobilidade da poboación afectada”*.

Considerando que, con respecto ao convenio vixente, as modificacións que se recollen son, de forma resumida: a simplificación da exposición de motivos, a duración do convenio (máxima de 4 anos pola Lei 40/2015), a representación da Xunta de Galicia nas comisións técnica e de seguimento, e unha matización sobre as paradas sinalizadas no percorrido dentro da urbanización, e que estas

Considerando, consecuentemente, que as modificacións propostas non entrañan prexuízos de ningún tipo para o Concello de Teo e supón a permanencia dun servizo moi demandado pola cidadanía.

Considerando que se trata dunha competencia plenaria, ao ser este o órgano que aprobou o convenio asinado o 26 de maio de 2014, e posteriores modificacións, e que o vindeiro Pleno terá lugar o 30 de setembro.

Considerando que segundo o Director Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas a sinatura do convenio ten que producirse de forma inmediata, polo que resulta preciso aprobar o Convenio por Decreto da Alcaldía, para a súa posterior ratificación plenaria, circunstancia esta que foi posta en coñecemento dos grupos políticos municipais, que amosaron a súa conformidade ao efecto.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local,

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar o texto do “Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os concellos de Santiago de Compostela e Teo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos”, remitido pola Dirección Xeral de Mobilidade e que se xunta como anexo

**Segundo.-** Dar conta do presente ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre, a efectos da súa ratificación.

**ANEXO**

CONVENIO DE COLABORACION ENTRA A XUNTA DE GALICIA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E TEO PARA A COORDINACION DOS SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO CON ORIXE OU DESTINO NA URBANIZACION OS TILOS

**Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e os Concellos de Santiago de Compostela e Teo para a coordinación dos servizos de transporte público con orixe ou destino na urbanización dos Tilos**

Santiago de Compostela, \_\_ de \_\_\_\_\_ 2020

**REUNIDOS**

Por unha parte, Dna. Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, segundo o disposto no Decreto 95/2018, do 26 de setembro, e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG n.º 82, do 30 de abril).

Por outra, D. Xosé Antonio Sánchez Bugallo, alcalde de Santiago de Compostela, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día\_\_\_\_\_, e en uso das

facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Por outra, D. Rafael Carlos Sisto Edreira, alcalde de Teo, segundo nomeamento acordado no Pleno municipal do día\_\_\_\_\_, e en uso das facultades que lle atribúen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

As partes recoñécense mutuamente capacidade e competencia para formalizar este acordo, e, para tal efecto,

## **EXPOÑEN**

1. A urbanización dos Tilos constitúe un importante asentamento poboacional situado dentro do termo municipal de Teo e nas proximidades de Santiago de Compostela. Aínda que se atopa fóra do concello cabeceira da comarca, está en clara continuidade con este e dentro do seu cinto metropolitano, e alberga na actualidade mais de 2.000 persoas, das cales a maior parte son xente nova que presenta unha demanda de mobilidade recorrente.

As administracións competentes teñen a responsabilidade de atender esa necesidade a través dunha oferta de transporte axeitada. Porén, as peculiares características da zona na que se localiza a urbanización determinan que os tráxicos non poidan ser cubertos de maneira totalmente satisfactoria polos servizos de transporte interurbano, que non ofrecen as frecuencias nin a accesibilidade precisas, nin tampouco polo urbano de Santiago de Compostela, que non pode estender os seus servizos máis alá do seu termo municipal.

2. Como instrumento para resolver de maneira eficaz as dificultades descritas, con data do 14 de setembro de 2015 formalizouse un convenio de colaboración dirixido á coordinación das intervencións que lles corresponden ás administracións autonómica e local en virtude das súas respectivas competencias, co fin de acadar unha mellor satisfacción do interese xeral con base na regulación establecida pola disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do

sector público autonómico, que establece a posibilidade de que as administracións formalicen convenios de colaboración “mediante os que se establecerán actuacións de coordinación de servizos de transporte público das súas respectivas competencias, incluíndo a habilitación da extensión dos servizos interurbanos ao transporte urbano ou viceversa”.

Con base nesta habilitación legal, mediante a sinatura do devandito convenio de colaboración, estendéronse os servizos do transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela ao ámbito da urbanización dos Tilos. Desta maneira, as características da oferta en canto a calendario, horarios, itinerarios, prezos e penetración urbana víronse substancialmente melloradas e foron adaptadas de maneira máis precisa ás necesidades dun asentamento periurbano como é a dita urbanización.

3. Coa entrada en vigor da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é preciso realizar unha renovación do convenio asinado con data do 14 de setembro de 2015 para adaptalo á nova normativa e dar continuidade á finalidade de interese público que se persegue con este instrumento de colaboración que asegura a satisfacción das demandas de mobilidade da poboación afectada.

4. A Comunidade Autónoma de Galicia é competente en materia de transportes terrestres que se desenvolvan integramente dentro do seu territorio, de acordo co establecido no artigo 14.5 da Constitución española e do artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia. O Decreto 26/2019, do 7 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, órgano da administración autonómica ao que corresponden as competencias e funcións en materia de transportes, determina que a Dirección Xeral de Mobilidade terá, entre outras, as funcións relativas á a coordinación dos transportes urbanos cos interurbanos.

Os Concellos de Santiago e de Teo teñen a competencia en materia de transporte público de viaxeiros tal e como se establece no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; e o artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da

administración local de Galicia.

Adicionalmente, a Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación recolle no seu artigo 74.5, en relación á prestación de servizos regulares permanentes de transporte de persoas de uso xeral, a posibilidade coa que contan as entidades locais de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público indicándose que, igualmente, as administracións competentes, poderán conveniar a explotación coordinada de determinados tráxicos cando esta supoña unha mellora na oferta para as persoas usuarias.

Finalmente, consonte co artigo 25 da Lei 4/2002, do 25 de xuño, pola que se aproba o estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela, prevese expresamente o establecemento, por parte da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela, de fórmulas de colaboración e cooperación no marco da lei de coordinación de transportes por estrada para asegurar a prestación do transporte público no ámbito da área de Santiago de Compostela.

Consonte co anterior, as administracións asinantes

## **ACORDAN**

Asinar este convenio, e obrigarse reciprocamente ao seu cumprimento, de conformidade coas seguintes

## **CLÁUSULAS**

### **Primeira. *Obxecto***

Habílitate o transporte urbano da cidade de Santiago de Compostela a estender os seus servizos á urbanización dos Tilos, situada fóra do seu termo municipal, de acordo co establecido neste convenio. En virtude de tal habilitación, poderá realizar tráxicos interurbanos coa dita urbanización, tanto de entrada como de saída da cidade.

### **Segunda. *Condicións de prestación do servizo***



1. O servizo de transporte público colectivo á urbanización dos Tilos será prestado pola empresa contratista da xestión do servizo público de transporte urbano do Concello de Santiago de Compostela.

Para tal efecto, e de resultar preciso, o dito concello, como órgano de contratación, impulsará as adaptacións oportunas no contrato de xestión do transporte urbano. Así mesmo, nas futuras licitacións que promova o concello para adxudicar a dita xestión haberá de incluír a prestación dos servizos obxecto deste convenio, nas condicións que nel se prevén.

2. O servizo á urbanización dos Tilos prestarase mediante a extensión das actuais liñas 6 e 12 do transporte urbano, nas condicións que se sinalan para o efecto no anexo deste convenio.

Non obstante, o Concello de Santiago de Compostela poderá, como atribución propia da xestión ordinaria do servizo de transporte urbano, efectuar modificacións puntuais ou non substanciais nas ditas condicións. Estas variacións poderán afectar exclusivamente aos tráfico urbanos, e delas daráselle conta á Comisión Técnica.

Aquelas modificacións que teñan un contido substancial ou que afecten á estrutura básica das liñas deberán ser aprobadas pola Comisión de Seguimento, logo de negociación no seo da Comisión Técnica. Esas novas condicións faranse constar por escrito na correspondente acta da comisión, e a partir da data que se acorde pasarán a ser vinculantes con suxeición ao establecido neste convenio.

Mediante o procedemento indicado no parágrafo anterior poderán, así mesmo, incorporarse novas liñas á prestación do servizo.

3. Para os efectos do previsto no punto anterior, terán carácter de modificación substancial todas aquelas variacións nos horarios dos servizos que supoñan unha redución de expedicións diarias.

4. Non obstante o previsto no punto 2, calquera incorporación ou modificación das

condicións de prestación do servizo conveniado que implique a asunción de custos por calquera das partes deberá vir avalado polo correspondente estudo técnico e económico, e haberá de ser aprobado mediante a sinatura dun novo convenio.

5. Os servizos obxecto deste convenio prestaranse en condicións equivalentes ás do resto do transporte urbano de Santiago de Compostela, especialmente no que se refire a tarifas, descontos, abonos, frecuencias, horarios, características dos vehículos e accesibilidade. Do mesmo xeito, para os efectos do Plan de Transporte Metropolitano de Galicia, os ditos servizos terán a consideración de servizos de transporte urbano, aplicándose en todo caso as condicións que respecto destes establecen os correspondentes convenios reguladores.

### **Terceira. Vixencia**

Este convenio terá vixencia por catro anos a contar dende a súa formalización.

En calquera momento antes da finalización do indicado prazo, as administracións participantes poderán acordar a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais mediante acordo da Comisión de Seguimento, ou a súa extinción.

Non obstante, calquera das partes poderá desistir do convenio comunicándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima dun ano.

### **Cuarta. Obrigas das partes**

1. En virtude deste convenio e con suxeición ao disposto nel, a Xunta de Galicia obrígase a permitir a extensión do transporte urbano de Santiago de Compostela para que preste servizos de carácter interurbano da súa competencia á urbanización dos Tilos.

2. Nos mesmos termos, o Concello de Santiago de Compostela obrígase a estender as súas liñas de transporte urbano para atender os servizos anteditos.

3. O Concello de Santiago de Compostela comprométese a pór a disposición da

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade datos estatísticos actualizados e información detallada sobre o nivel de utilización dos servizos obxecto do convenio.

4. Sen prexuízo do anterior, o réxime de prestación de servizos obxecto deste convenio non suporá incremento ningún de custos para o Concello de Santiago de Compostela, e, neste senso, o Concello de Santiago de Compostela só asumirá o sistema de bonificacións sociais daqueles usuarios que se encontren empadroados dentro do seu termo municipal, asumindo o Concello de Teo as bonificacións sociais que decida aplicar para os usuarios empadroados no seu termo municipal.

Segundo se desprende dos datos actuais de explotación, a extensión do servizo a que se refire este convenio atópase en situación de equilibrio económico. Porén, a Comisión de Seguimento supervisará a súa evolución económica, para, no caso de que se produzan variacións substanciais que fagan perigar o dito equilibrio, se introduzan as modificacións que resulten precisas neste convenio mediante acordo das partes asinantes, sen que supoña custo ningún para o Concello de Santiago de Compostela.

#### **Quinta. Control**

A execución deste convenio quedará sometida á función interventora e de control financeiro exercidas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

#### **Sexta. Comisións Técnica e de Seguimento**

1. Este convenio contará cunha Comisión Técnica e cunha Comisión de Seguimento.
2. A Comisión Técnica estará composta por unha persoa en representación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, designada para o efecto pola Dirección Xeral de Mobilidade, que a presidirá, e por unha persoa en representación do Concello de Santiago de Compostela, designada para o efecto pola alcaldía. A persoa xerente da sociedade pública municipal de xestión do transporte de Santiago de Compostela

realizará as funcións de secretaría, con voz pero sen voto; non obstante, poderá ser nomeada para o efecto a mesma persoa que actúe en representación do Concello de Santiago de Compostela, en cuxo caso terá voz e voto.

Tanto a Dirección Xeral de Mobilidade coma a alcaldía poderán designar membros adicionais, procurando manter unha composición paritaria.

Esta Comisión Técnica terá as seguintes funcións:

- a) Vixiar o cumprimento do convenio, elevando á Comisión de Seguimento os informes precisos.
- b) Coordinar o seu desenvolvemento, de acordo coas instrucións emitidas, no seu caso, pola Comisión de Seguimento.
- c) Propoñerlle á Comisión de Seguimento as interpretacións do convenio que resulten máis axeitadas para resolver as dúbidas que se presenten durante a súa execución.
- d) Asistir e informar á Comisión de Seguimento para resolver as posibles controversias xurdidas durante o cumprimento do convenio.
- e) Informar á Comisión de Seguimento sobre as modificacións das condicións do servizo, nos termos previstos na cláusula segunda.
- f) Ser informada das modificacións non substanciais nas condicións de prestación dos servizos, de acordo co establecido na cláusula segunda
- g) Auxiliar, con carácter xeral, á Comisión de Seguimento.

3. A Comisión de Seguimento estará composta pola persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que a presidirá, a persoa titular da Dirección Xeral de Mobilidade, que ostentará a presidencia en caso de ausencia da anterior, e outra persoa designada por aquela, en representación da Xunta de Galicia; pola persoa titular da alcaldía de Santiago de Compostela, ou aquela en quen delegue, e outra persoa designada por aquela, en representación do dito concello; e pola persoa titular da alcaldía de Teo, ou persoa en quen delegue. A persoa xerente da sociedade pública municipal de xestión do transporte do Concello de Santiago de Compostela desenvolverá as funcións de secretaría, con voz pero sen voto.

Ás xuntanzas da comisión poderá asistir o persoal técnico de calquera das partes que consideren oportuno para a mellor resolución dos asuntos.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes funcións:

- a) Ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento do convenio e para asegurar o seu cumprimento.
- b) Interpretar o convenio para resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento.
- c) Resolver as posibles controversias que xurdan durante a execución.
- d) Aprobar as modificacións substanciais nas condicións de prestación do servizo, de acordo co disposto na cláusula segunda.
- e) Todas aquelas funcións que se lle atribúan no presente convenio.

4. Os acordos das Comisións Técnica e de Seguimento serán adoptados por unanimidade.

**Sétima. Consentimento para a publicación de datos e relación coa Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**

1. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, os Concellos de Santiago de Compostela e Teo consente expresamente a inclusión e publicidade no devandito rexistro dos datos relevantes referidos ao convenio.

2. A subscrición do convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto daquel e a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de xeito que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos ocorridos durante o seu cumprimento.

**Oitava. Causas de resolución**

Este convenio poderase resolver por calquera das seguintes causas:

- a) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas reguladoras. Para estes efectos, calquera das partes poderá denunciar por escrito o convenio, trasladándollo de maneira fidedigna ás outras cunha antelación mínima de dous meses á data prevista para a resolución.
- b) A desistencia de calquera das partes asinantes, exercida nos termos da cláusula terceira.
- c) O mutuo acordo das partes.

#### **Novena. Competencia xurisdicional**

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para coñecer das controversias xurdidas na execución deste convenio que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento.

#### **Décima. Natureza xurídica e normativa aplicable**

1. Este convenio subscríbese ao abeiro da disposición adicional décimo segunda, punto 1, letra a), da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, e como tal ten carácter inmediatamente executivo e vinculante para as tres partes.

2. O presente Convenio enmárcase no ámbito das relacións interadministrativas previsto no artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local (modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalidade e sostibilidade da Administración local), e no título V, artigos 198 e 199, da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o fomento do sistema de transporte público.

3. Este convenio encóntrase incluído dentro dos previstos no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de contratos do sector público, polo que queda fóra do

ámbito de aplicación desta lei. Non obstante, aplicaranse os principios desta norma para resolver as dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

4. Este convenio rexerese polas súas cláusulas e pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como polas disposicións que en materia de convenios se recollen na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Xunta de Galicia.

E para que conste, en proba de conformidade, os comparecentes asinan este convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	Polo Concello de Santiago de Compostela	Polo Concello de Teo
Ethel María Vázquez Mourelle	Xosé Antonio Sánchez Bugallo	Rafael Carlos Sisto Edreira

## **7.- DITAME DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2021.**

O sr. alcalde da conta da proposta do 14 de setembro de 2020, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes de 24 de setembro 2020.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2021**

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2021.

Vista a tradición deste Concello, que ven fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño.

En consecuencia co anteriormente exposto, propono ó Pleno da Corporación, previo ditame favorable da Comisión Informativa correspondente a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.**- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2021 os seguintes días:

- 13 de maio (A Ascensión)
- 11 de novembro (San Martiño)

**Segundo.**- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.”

O sr. alcalde explica que, como se ven facendo tradicionalmente, propónse como festivos a Ascensión e o San Martiño, datas que unicamente se cambiaron cando coincidían nun festivo, algo que no acontece na anualidade 2021.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e o portavoz do PP, sr. Guerra, amosan o apoio dos seus respectivos grupos.

**Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos presentes (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE, 6 PP e 2 BNG), acorda:**

**Primeiro.**- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2021 os seguintes días:

- 13 de maio (A Ascensión)
- 11 de novembro (San Martiño)

**Segundo.**- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

**8.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A UTILIZACIÓN DOS FONDOS MUNICIPAIS POR PARTE DO GOBERNO DO ESTADO.**



O sr. alcalde cede a palabra ao portavoz do BNG, D. Manuel A. Fernández Baz.

O sr. Fernández da conta da moción do seu grupo de 9 de setembro de 2020 (rex. entrada nº 1360), que se recolle a continuación, modificada e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, Comisión especial de contas, do 24 de setembro de 2020.

“O Grupo municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** no Concello de Teo, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal do Pleno da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN** para o seu debate en Pleno sobre a utilización dos fondos municipais por parte do goberno do Estado.

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O pasado 3 de agosto tivo lugar unha xuntanza extraordinaria da FEMP para presentar e aprobar un acordo co Goberno de España para segundo constaba na orde do día “contribuir desde los municipios a desarrollar una movilidad sostenible, la agenda urbana y políticas de cuidados y apoyo a la cultura”.

Desde o BNG xa denunciámos no seu momento que este acordo agochaba unha operación do Estado para dotarse de liquidez a costa dos remanentes municipais, solicitando novamente a derogación da Lei Montoro e unha nova Lei de facendas locais que acabe coa discriminación que sofren os municipios do noso país.

Posteriormente, o Goberno de España transforma en Decreto Lei o Acordo da FEMP e publícase no BOE con data de 5 de agosto.

Desde o BNG continuamos a manifestar o noso profundo rexeitamento a calquera tentativa de incautación ou bloqueo dos fondos municipais por parte do Estado, xa que as necesidades estatais non poden anular as necesidades locais.

A realidade é que a día de hoxe ese Decreto é rexeitado por todas as forzas políticas agás o PSOE.

A escusa do Ministerio para xustificar esta proposta en base a imposibilidade de incumprir a lei de estabilidade, a chamada “lei Montoro”, e que así non lle computa aos concellos como déficit, é un insulto a intelixencia. A Comisión europea acordou flexibilizar a limitación de endebedamento dos estados como consecuencia da crise da Covid. Os Estados van

poder incrementar a débeda, mais segundo a interpretación do ministerio a única administración que vai poder incrementar a débeda é a Administración Xeral do Estado. A Administración Local non debe ser Estado e non vai poder incrementar a débeda, malia supoñer no caso de Galiza un 0,3% do PIB galego, e estar o límite no 3%.

En calquera caso, é fundamental garantir que a posibilidade de utilización de fondos ou endebedamento por parte dos concellos non sexa utilizado por outras Administracións para buscar financiamento e a asunción por parte das entidades locais de competencias impropias, cargando así sobre os municipios o custo de servizos que non poden nin deben ser asumidos.

Esta é unha vella demanda do municipalismo galego, e así quedou reflectido nos relatorios aprobados na asemblea xeral da FEGAMP celebrada no mes de novembro pasado e na que por unanimidade se acordou “Demandar a flexibilización de utilización do remanente e superávit a calquera tipo de inversión que redunde en beneficio da comunidade, estendendo o ámbito temporal de aplicación e considerando a posibilidade de poder aplicar parte do mesmo en gasto corrente”.

Por todas estas razóns, o BNG demanda do Pleno da Corporación Municipal de Teo os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.

2. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.

En tanto non sexa derogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.

3. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, anuncia a abstención do seu grupo, tendo en conta o anuncio de hoxe de suspensión

das regras fiscais e que se segue traballando, engadindo que ao igual que decaeu o primeiro punto poden decaer os demais.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> Lucía Calvo de La Uz.

A sra. Calvo sinala que xa se sabe que ese Decreto Lei foi votado no Congreso dos Deputados e foi un estrepitoso fracaso para as tesís do sr. Sánchez e a Ministra de facenda. A sra. Calvo felicita ao portavoz do BNG pola moción de censura encuberta do BNG ao sr. Caballero, como presidente da FEMP, cómplice necesario do goberno central nese intento de intervir os recurso municipais. Aclara que fala de moción de censura encuberta porque o BNG na moción propón que a interlocución se faga a través da FEGAMP

Sinala a sra. Calvo que é importante contextualizar a aprobación da denominada Lei Montoro porque España nese momento sufría unha gravísima situación económica, herdada do PSOE, e grazas a esta e outras medidas España non foi intervida, e de feito os municipios contan con remanentes.

Lembra que o goberno central do PP, de 2018, pactara coa FEMP a utilización do superavit orzamentario para mellorar a calidade de vida dos veciños porén, como dicía a canción cubana, *“chegou o comandante e mandou para”*.

Sinala a sra. Calvo que o BNG, que son socios do sr. Sánchez e que teñen un deputado no Congreso, poden a través dos cauces regulamentarios, é dicir con luz e taquígrafos, impulsar unha reforma desa Lei que lles molesta tanto, coa opinión loxicamente de todos os concellos galego. Remata a sra. Calvo a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo, dada a imposibilidade de votar por puntos a mocións.

Intervén a portavoz de Son de Teo, a sra. Otero, quen di que, agardando que eses anuncio se fagan efectivos, van a apoiar a moción do BNG.

O sr. Fernández, en relación co dito pola sra. Calvo da moción de censura encuberta, di que non sabe se iso é non saber que é unha moción de censura ou non saber nin tan sequera que é encuberto.

Explica que se trata dunha proposta clariña. En Galicia existe unha federación de municipios galegos, na que se reúnen os concellos, sacan relatorios, como o de novembro de 2019 que se citou, no que se acordan temas que van nesta moción.

Sinala que para o BNG claro que é importante que a FEGAMP sexa a interlocutora do goberno do Estado, por algo moi simple, a idiosincracia dos concellos galegos non se está tendo en conta cando se fala da financiación autonómica e local, porque o de Galicia hai que negocialo en Madrid, “*porque mola máis*”, porén hai unha serie de factores, como o avellentamento, a dispersión poboacional ou outros factores que teñen que ver co territorio, que requiren que en Galicia exista outro tipo de financiación. Sinala o sr. Fernández que o problema está en non entender iso, porén se trata dunha cuestión ideolóxica, porque cómo vai a ser Galicia diferente para o PP, Galicia é igual que Murcia, porén para o BNG non é así, pero non por unha cuestión ideolóxica, senón por unha cuestión real, demostrada con datos.

Explica o sr. Fernández que os concellos fan unha aportación anual á FEGAMP, que existe para algo, porque se non estase mantendo un “*chiringuito*” para nada. Reitera o sr. Fernández que detrás disto hai algo moi importante, que é o tema da financiación local.

Tratándose da Lei Montoro, o sr. Fernández sinala que hai que facer historia. Explica que en Agosto de 2011 modificouse o artigo 35 da Constitución Española, pola porta de atrás, en plena vacacións do mes de agosto de 2011, por acordo entre o PP e o PSOE. Pregunta o sr. Fernández para que se fixo e sinala que se se ve como quedou o artigo 35 se entenderá, porque se acerca a data na que vai a ter toda aplicación o contido do mesmo. Para a aplicación dese artigo ao ano seguinte sacouse a Lei Orgánica 2/2012, a chamada Lei Montoro, porque era o Ministro de turno, para traer eses conceptos de regra de gasto, estabilidade orzamentaria, etc. Naquel momento, cando se incautaron

as pagas extras aos funcionarios, o importante era pagar aos bancos, e esa é a clave. Sinala que se se colle a primeira moción do BNG en relación á Lei Montoro, se dicía que primeiro eran as persoas e despois os bancos, porque esta lei rescata aos bancos, e non as persoas, e para iso foi creada esa Lei.

En relación co dito pola sra. Calvo referíndose aos tema dos “socios”, sinala que se trata de algo moi gaseoso, porque socio, socios..... O BNG chegou a un acordo co PSOE para a investidura, ao igual que en Teo o BNG apoiou ao que agora é alcalde, así como o acordo ao que chegou o PP en Ourense, para poñer ao alcalde de Ourense, neste caso porque perdían a Deputación.

Explica o sr. Fernández que existe un acordo porque os socios do BNG son os galego e as galegas, e nese acordo hai unha serie de reclamacións do BNG, que van no seu programa electoral, polo que saíu un deputado electo, deputado que chega a un acordo e que que pon enriba da mesa cuestións que non puxo ningún dos outros deputados que foron elixidos polos galegos/as para as eleccións xerais nas catro circunscricións galegas.

O sr. Fernández sinala que a sra. Calvo di que o BNG non fai propostas no Congreso e pregúntalle se segue a política estatal e o que está pasando no Congreso, porque senón non diría o que está dicindo, xa que Nestor Rego pide iso e moito máis, e tamén pide una financiación xusta para os concellos galegos, entre eles o Concello de Teo, porque se necesita.

Sinala o sr. Fernández que para rematar quere dicir unha cousa importante, que está na base de todo isto, xa que o necesario é que os/as veciños/as de Teo teñan moita información. Sinala que nas eleccións municipais, vótase e elíxese un goberno municipal, e se ese goberno endebeda ao Concello ata o punto de deixalo inoperativo os veciños terán que coller e dicirlle que se acabo e haberá un cambio, porén con este tipo de leis o que hai é un corset. Se lle di ao Concello de Teo o que pode gastar, e se aforra pode gastar aínda menos. Se estás no goberno de Teo, tes un programa de goberno, e se o queres aplicar non podes porque non hai recursos, e pode ser que

para o PP este ben, porén para o BNG non, porque a autonomía política e iso, que os veciños poidan elixir entre un proxecto e outro, e que ese proxecto se poida levar a cabo, dende o punto de vista dos recursos, xa que o concello ten que ter os seus recursos dispoñibles para poder utilizalos.

Considera o sr. Fernández que a moción é clara é non hai nada que retirar. Neste momento, como se verá na moción do PSOE, os concellos precisan máis recursos para atender todo o que se nos viu enriba co tema do COVID, e a FEGAMP ten que ser, sen dúbida algunha, o organismo interlocutor, ao igual que a Xunta de Galicia o ten que ser diante da Comisión Europea.

Aberta a segunda quenda de intervencións, a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, sinala que non ten nada que engadir.

A sra. Calvo di que se tan mal está, o BNG ten que facer valer o voto do seu deputado, porque claro que iso é un socio, porque están gobernando grazas, entre outros, ao BNG, e iso é o que se entende en política coo un socio, aínda que existan matices, porque non todo é branco ou negro, hai grises. Dille a sra. Calvo ao sr. Fernández que polo tanto impulsen dende o seu partido a derogación e o problema está solucionado. Remata a sra. Calvo a súa intervención sinalando que tanto cuestionar a Montoro e os orzamentos seguen tres anos prorrogados.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con seis votos a favor (4 Son de Teo e 2 BNG) e dez abstencións (6 PP e 4 PSdeG-PSOE), acorda:**

**1. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a elaboración dun Decreto, con tramitación urxente e extraordinaria, polo que se contemple para os Concellos fondos para afrontar a crise sanitaria, social e económica derivada da Covid, elaborado con criterios obxectivos que teñan en conta a situación de infrafinanciamento dos Concellos galegos.**

**2. Instar á Xunta de Galiza a solicitar do goberno español a derogación da Lei**

**de 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para permitir ás entidades locais atender as competencias propias con cargo aos remanentes e/ou superávit, así como ampliar a capacidade de endebedamento das Administracións locais para afrontar os ditos gastos.**

**En tanto non sexa derogada a Lei instar á non aplicación durante a crise da Covid dos conceptos de regra de gasto, déficit e estabilidade da LOEPSF.**

**3. Que a interlocución do goberno do estado cos concellos galegos se estableza a través da FEGAMP, entidade na que están representados a totalidade dos concellos galegos e as catro deputacións provinciais.**

### **9.- DITAME DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE O PROTOCOLO FRONTE AO CORONAVIRUS NA VOLTA ÁS AULAS ESTE VINDEIRO CURSO ESCOLAR.**

O sr. alcalde cede a palabra á portavoz do PSdeG-PSOE, D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen lle cede a palabra á concelleira do seu grupo D.<sup>a</sup> María Joséfa Argibay da Silva.

A sra Argibay da conta da moción do seu grupo, do 31 de agosto de 2020 (rex. entrada nº 3.773), que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de administración, cultura, educación, seguridade cidadá, participación veciñal e deportes, do 24 de setembro de 2020.

“O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ao abeiro do disposto na lexislación vixente, presenta para o seu debate e votación no Pleno Municipal a seguinte moción en relación ao Protocolo fronte ao coronavirus na volta ás aulas este vindeiro curso escolar.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O dereito á Educación é un dereito fundamental recollido no artigo 27º da nosa Constitución e os centros educativos representan o espazo no que este dereito ha de

articularse e desenvolverse e a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias plenas no ensino tal e como establece o artigo 31º do noso Estatuto de Autonomía.

A situación derivada da pandemia producida pola Covid-19 supuxo que o sistema educativo galego, ao igual que os de todo o Estado, se vise inmerso nunha situación inédita como consecuencia do pertinente, necesario e obrigado peche dos centros educativos.

Aínda que a educación a distancia, cun esforzo sen precedentes do profesorado, alumnado e familias, serviu para poder resolver unha situación excepcional á que houbo que facer fronte de forma inmediata, non substitúe á aprendizaxe presencial, pois é a contorna escolar e a interacción escolar cos docentes e entre o alumnado o que mellor permite a aprendizaxe, a socialización e o seu desenvolvemento.

Como elemento adicional a ter en conta debe engadirse o feito de que o peche dos centros educativos xera fendas de desigualdade debido aos diferentes recursos materiais, dixitais e persoais existentes en cada familia; brechas que son máis fondas canto menor é o nivel socio-económico das familias. E tamén, como vimos de comprobar, xera desigualdades no benestar emocional e social.

Por todo o anterior, faise necesario retomar a actividade presencial adoptando todas as medidas de prevención e hixiene necesarias que permitan facelo de forma segura e manter o control da pandemia.

O desenvolvemento do curso 2020-2021 é imprevisible, dado o descoñecemento que aínda temos acerca da posible evolución da pandemia do Covid-19. En consecuencia, resulta imprescindible prever diferentes escenarios aos que adaptarse dependendo das circunstancias sanitarias que poidan darse e toda esa previsión debe plasmarse nun protocolo para os centros docentes que regule o desenvolvemento da súa actividade, tanto lectiva como dos servizos complementarios.

Ao Partido Socialista de Galicia, como partido político de goberno que é, non lle resulta allea a enorme dificultade á que se debe enfrontar unha Administración para elaborar tal protocolo que necesariamente teña a capacidade de adaptación necesaria ás distintas e hipotéticas realidades que se poidan producir, partindo das premisas de garantir a seguridade e saúde do persoal empregado e do alumnado, así como a máxima conciliación da vida familiar e laboral. Nese sentido, sempre estaremos dispostos a apoiar as accións que o goberno da Xunta de Galicia adopte froito do diálogo e consenso necesario con todos os sectores da comunidade educativa.

Lamentablemente non nos atopamos nese escenario co proxecto de protocolo elaborado pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional que ten concitado o rexeitamento dos docentes, familias e concellos. E isto é así porque o goberno



da Xunta de Galicia que debe afrontar, máis que nunca, a súa responsabilidade de goberno o que fai é centrifugar responsabilidades cara aos centros, ANPAs e concellos sen dotalos dun marco estable, seguro e cos recursos humanos e materiais necesarios tamén para a totalidade dos servizos complementarios (comedor e transporte escolar). A situación do rexeitamento pode resumirse do seguinte xeito:

- Os representantes do profesorado solicitaron retirar o protocolo e negociar un novo documento que responda ás demandas do profesorado e do conxunto da comunidade educativa, que garanta un ensino presencial seguro, adoptando todas as medidas para afrontar adecuadamente unha posible interrupción da docencia presencial, ao entender que nada diso se recolle no documento da Consellaría, que descarga toda a responsabilidade -tamén de seguridade e hixiene- nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.
- Por parte dos representantes de nais e pais de alumnos se lamenta que non existan ningunha representación súa na comisión Covid que se debe crear nos centros, á vez que advirten da imposibilidade de levar a cabo actuacións que se prevén, como a renovación de aire, a redución das rateos nos comedores e transportes escolares e advirten da moi difícil conciliación nos casos dalgún contaxio e o tempo previsto para o reingreso nas aulas que pode chegar a mes e medio.
- Por último, dende os concellos e a FEGAMP trasladouse a complexidade de asumir as medidas previstas ao aumentar de maneira moi importante as cargas e custos derivados en materia de limpeza e desinfeccións. Mesmo existen dúbidas por parte dalgúns servizos de Intervención municipais sobre a autorización de gastos para dar cumprimento a disposicións que carecen de rango normativo axeitado.

Así as cousas, resulta máis que evidente que se debe reconducir a situación de maneira urxente, e para elo, o grupo municipal do PSdeG-PSOE de Teo presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

*O Pleno do Concello de Teo insta á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:*

- 1.- Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.

- 2.- Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.
- 3.- Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.
- 4.- Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.
- 5.- Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.
- 6.- Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais”.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do BNG, sr. Fernández, sinala que a proposta de resolución vai na liña do que eles veñen reclamando no Parlamento, que consiste en que a Xunta tome as rendas e asuma as súas competencias para que o curso se desenvolva con normalidade dentro da anormalidade, e para iso precísanse recursos e decisións. Sinala que a semana pasada levaron unha proposición non de lei ao Parlamento pedindo por exemplo que a Xunta financiara as mascararas, que son obrigatorias para os/as nenos/as, pero a resposta foi unha negativa. Sinala que dende o BNG piden que a Xunta asuma as súas competencias en materia educativa e se faga cargo de todo o que conleva a situación extraordinaria actual nunha materia que é competencia exclusiva da Xunta de Galicia e non dos concellos. Explica que a semana pasada tiveron unha reunión coa Ampa de Teo, e se expuxeron moitas das cuestións que contén a moción, como o tema do material, profesorado, comedor, actividades extraescolares, que se viñan realizando ate o curso anterior e que resolvían un problema importante de conciliación.

Anuncia o sr. Fernández o apoio do seu grupo, engadindo que piden unha vez máis que a Xunta asuma as súa competencias e actúe con responsabilidade.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez sinala que se vai a saír do guión xa que lle gustaría agradecer á sra. Otero as veces que lles ten atendido por motivos que correspondían as súas competencias, e desexarlle o mellor a María López, en todas as funcións que faga, porque se ela o fai ben será en beneficio de todos os teenses.

Sinala o sr. Sánchez que, tratándose da moción, pensa humildemente que nos lles leva a ningunha parte, porque non ve a Teo por ningunha parte, agás cando pon PSOE de Teo ou instamos ao Pleno de Teo. Lamenta o sr. Sánchez que se traia esta moción xenérica, desas que se poden levar perfectamente ao Parlamento de Galicia. Explica que cando se entra no detalle da moción non se entenden algunhas cousas e hai determinadas incoherencias, por exemplo que se diga a 21 de agosto que se debe facer un protocolo, cando levaba feito un mes, dende o 22 de xullo, tamén se di que, entre as principais carencias que se estaban a producir, é que a Xunta estaba centrifugando as súas competencias sobre a comunidade educativa, e que non debería ser isto así, e no parágrafo seguinte dise xustamente o contrario, e se demanda máis competencias para a comunidade educativa, aspecto que non se entende.

Sinala o sr. Sánchez que entre os puntos da moción se demanda que se inicie de forma inmediata unha reunión cos representantes do profesorado e pregunta se agora, cando se leva un mes de curso. Tamén se demanda que se dote aos centros de profesorado e pregunta se agora, cando se leva un mes de curso, cando se leva xa chamado ao profesorado dende principios de setembro, e isto sen lembrar que cada Consellería decidiu abrir listas públicas, e o PSOE o que dixo foi que era unha medida electoralista, polo que estaría ben que se aclararan, e unha medida electoralista ou se precisan máis profesores.

O sr. Sánchez di que chega á conclusión de que se demanda maior previsión, maior concreción e se critica certa vaguidade no protocolo. Probablemente o protocolo da Xunta para o PSOE ten todos os problemas do mundo, e seguro que é mellorable, e seguro que será preciso ir modificando aspectos do protocolo durante o curso, como se está a facer, porén que veña o PSOE a falar previsión, cando este protocolo se fixo un mes e medio antes de comezar as clases, resulta relativamente irónico, xa que, sen ir

máis lonxe, tomando como referente unha Comunidade do partido socialista, como é Extremadura, esta presentou o protocolo o 2 de setembro, un día despois de comezar a actividade lectiva.

Sinala o sr. Sánchez que iso sen contar que Ministerio chama ás Comunidades Autónomas para ver que se fai durante o curso, un 27 de agosto, a 2 ou 3 días de comezar o curso, por iso resulta cando menos sorprendente que o PSOE fale de falta de previsión.

Explica o sr. Sánchez que á reunión Feijóo levou un protocolo de noventa e seis páxinas, e a Ministra non levou nada e daquela reunión saíu un documento coas directrices do Ministerio de oito páxinas, tres días antes de comezo do curso. Pregunta o sr. Sánchez se esta é a previsión do PSOE.

Sinala que se demanda na moción un protocolo consensuado, a 21 de agosto, nove días antes de que comece o curso, polo que menos mal que non se esperou polas suxestións do PSOE, porque senón aínda se estaría en pañais.

Di o sr. Sánchez que que veña o PSOE a falar de vaguidades se durante toda a pandemia o este partido estivo falando dun Comité de expertos que tan so existía na súa imaxinación...Opina que para que sexa o partido socialista o que veña a dar leccións neste senso hai que ter moita cintura política.

O sr. alcalde sinala que é fácil disfrazar a realidade falando de previsión e organización, porén o problema fundamental é de cartos e de competencias das Administracións. Salienta que a estas alturas alguén lle tería que explicar porque a Xunta, que ten competencias exclusivas en educación e, por outra parte en sanidade, ao concello lle costa máis de 100.00 euros anuais o que aporta aos centros educativos do concello, que son competencia exclusiva do Consellería. Explica que son aproximadamente 20.000 euros en mantemento, uns 66.000 euros nos conserxes, e 60.000 euros, aproximadamente, en limpeza, o que fai un total de 142.000 €, e ese é o gran problema. Sinala o sr. alcalde que a moción si que fala de Teo, porque a moción fala de

que Teo ten que poñer eses 142.000 euros, en temas educativos, cando eses cartos os debería de empregar nas súas competencias, sen falar dos que ten que poñer en temas sanitarios. Explica que o peor, e no que ven a incidir a moción, e que a esa cantidade habería que engadirlle aproximadamente 50.000 euros máis, porque o incremento de persoal que se tivo que facer para adaptar o protocolo de limpeza definitivo, supón cerca de 30.000 euros, e agora todo o que se lles ven enriba derivado de que facer cos nenos despois do comedor, supón outros 22.000 euros.

Polo tanto este ano o concello vai a ter que afrontar uns 200.00 euros nun ámbito que non é da súa responsabilidade, por iso están de acordo coa moción. Salia que se xa estaba mal o que viñan asumindo, eses 50.000 euros a maiores aínda é peor, por iso están de acordo coa moción.

A sra. Argibay sinala que efectivamente é unha moción xenérica, porque existe tal disconformidade cos protocolos e coa maneira de actuar da Consellería, que se levou en practicamente todos os concellos de Galicia.

A sra. Argibay explica que co protocolo que elaborou a Xunta, que ten competencias exclusivas en materia de educación, non sabe porque ten que chamar ao peto do Estado, porque en teoría moito se falaba de que as competencias se querían todas para a Comunidade Autónoma. Sinala que pide negociación, e se pide en calquera momento, porque nesa negociación deberon estar incluídos os axentes que non estiveron, de aí as críticas que houbo e segue habendo

Opina a sr. Argibay que se o protocolo non funciona, haberá que facer modificacións, porén deben terse en conta a todos os interlocutores, porque seguramente os pais e os profesores teñen moito que dicir, e non centrarse unicamente nas altas esferas de onde saíu o protocolo. En relación co inicio do curso e que se se fixo tarde, sinala a sra. Argibay que nos Institutos se ve claro e a Xunta tivo que recuar e retrasarse porque non daba tempo a implantar os protocolos.

Salienta a sra. Argibay que iso indica que o protocolo non funcionou, que non se falou co resto das partes, e iso aconteceu en Teo e en todos os sitios

Salienta a sra. Argibay que Teo é un exemplo como o resto dos concellos galegos, nos que na maioría se presentou a mesma moción ou parecida, porque chegou tarde para que os centros puideran xestionar todo.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o concelleiro do BNG, sr. Fernández, sinala que hoxe, na reunión coas Ampas, estas cuestións se poñen de manifesto, como as carencias nos centros, e van nesta liña. Salienta que hai un problema, que sería peor se non fora pola comunidade educativa que é exemplar, engadindo que cando fala da comunidade educativa fala dos profesores/as, equipos directivos, Ampas, persoal que traballan nos centros, máis alá do equipo docente, e dos/as alumnos/as. Salienta que se non fora por eles/as isto sería un desastre total, ao igual que o que salva a sanidade é a profesionalidade dos sanitarios/as, porque senón estaríamos vendidos.

Explica o sr. Fernández que a día de hoxe, esta tarde, hai unha proposición non de lei do BNG na que se redunda nesta cuestión, na que se fala da falta de profesorado, da xestión dos protocolos, contraditorios, con cambios constantes de criterios, da falta de transparencia, é dunha situación de absoluta incerteza para a xestión dos centros ante o COVID. Sinala o sr. Fernández que esta é a realidade e por iso propoñen contratar profesorado necesario para cubrir as carencias educativas do ensino público, porque segue sendo un problema, e aínda se está a tempo de facer algo, porque non hai nada que impida facer agora as contratacións. Sinala que tamén se pide dotar de material e recursos para atender as necesidades que está a denunciar a comunidade educativa, porque os centros non teñen recursos para afrontar os moitos gastos que teñen que afrontar.

Salienta o sr. Fernández que a Xunta quería ter competencias, para poder facer o que quixera con elas, porén cando chegou o momento de facelo xa se ve o que fixo.

Salienta que solicitan tamén dotar ao sistema educativo dos medios necesarios para que se garanta que todo o profesorado e o alumnado teñan cubertas as súas

necesidade educativas no contexto do ensino a distancia, e iso é moi importante porque se fala moito do teleensino porén despois nos atopamos coa realidade de fronte e se ve que hai un problema gravísimo e aí tamén se diferencia despois entre os que poden máis e os que poden menos.

Salienta o sr. Fernández que tamén se pide que se garanta a máxima transparencia na xestión dos actos da COVID para que os centros dispoñan de toda a información para levar adiante o seu proxecto educativo.

Reitera o sr. Fernández que iso rexistrouse hoxe, e ten tanta vixencia agora como o que presentaron fai un mes, que fora rexeitado no Parlamento galego, e agora volven de novo, porque isto é un problema, é un problema da comunidade educativa e da comunidade educativa de Teo.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e sinala que falar de Teo é o que fixo o sr. alcalde, acaba de expoñer cuestións económicas explicando que en Teo pasa iso con estas cifras, sendo esa a diferenza. Dirixíndose ao sr. alcalde dille que menos mal que non foi ninguén do PP o que dixo que unha cuestión educativa o problema son os cartos, porque senón correrían ríos de tinta pola privatización do ensino, etc, etc.

Sinala o sr. Sánchez que a concelleira di que o protocolo ven das altas esferas, e hai que ter en conta que quen fai isto é un equipo de docentes e expertos da Consellería, e non ven dado polo obra e gracia do espírito santo, téndose en conta criterios dos expertos, dos docentes e de xente que sabe disto.

O sr. Sánchez sinala que quizais o protocolo non é o mellor do mundo, porén o 80 % das directrices que sacou o ministerio *a posteriori* son idénticas aos do protocolo galego.

Sinala o sr. Sánchez que por riba de todo agradece que a sra. Argibay recoñeza que na moción non se cita a ningún centro educativo de Teo nin a realidade de Teo, como si fixo o sr. alcalde.

Salienta o sr. Sánchez que o curso comezou o 1 de setembro e o PSOE presentou a moción 9 días antes, cando xa non había marxe de manobra, e sabendo que ía a ser debatida un 30 de setembro. Sinala que é unha forma de traballar, a do postureo, a de traer unha moción para dicir que fixeron.

O sr. Sánchez, dirixíndose a sra. Argibay, dille que para el non é unha adversaria política, e a súa a concelleira de educación, a concelleira de educación de todos os teenses, por iso para el hoxe é profundamente decepcionante que traia unha proposta, por quedar ben, unha proposta que non defende aos pais, ás nais, ao profesorado, os equipos directivos, unha proposta que non recoñeza o esforzo titánico que fixeron os equipos directivos dos centros educativos do Concello de Teo, do esforzo titánico que están a facer todos os docentes e todos os pais, e que traia unha moción que simple e llanamente sexa por puro postureo político, que é verdadeiramente lamentable, porque iso é o que lle preocupa ao PSOE a educación.

O sr. alcalde, dirixíndose ao sr. Sánchez, sinala que en todo caso falar da previsión pasando o que pasou coa Conselleira...

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con dez votos a favor (4 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e seis abstencións (6 PP), acorda instar á Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional a que:**

**1.- Inicie de forma inmediata reunións cos representantes do profesorado e das familias do alumnado para acadar un documento consensuado que permita afrontar o desenvolvemento do curso 2020-2021 coas máximas garantías posibles.**

**2.- Se dote aos centros do profesorado e persoal suficiente para garantir unha actividade educativa correcta en calquera dos escenarios posibles que se poidan dar ao longo do próximo curso.**



**3.- Establecer unha reunión urxente coa Fegamp para valorar todos os recursos necesarios para o normal desenvolvemento do curso escolar, así como xerar unha dinámica de colaboración estable para este cometido mentres dure esta situación extraordinaria.**

**4.- Se habiliten os fondos extraordinarios necesarios e se tramiten as modificacións orzamentarias pertinentes para que os incrementos de custes que deben asumir centros, ANPAS e concellos como consecuencia das medidas que se dispoñan nese novo protocolo sexan asumidos polo goberno de Xunta de Galicia.**

**5.- Que os fondos extraordinarios do Goberno de España destinados a educación se negocien de maneira transparente con todos os sectores implicados.**

**6.- Que se garanta o funcionamento de comedores e transportes escolares, cando menos, nos mesmos termos nos que o servizo daría cobertura en situacións normais.**

## **10.- MOCIÓNS.**

Antes de entrar no punto undécimo da orde do día relativo a rogos e preguntas, o sr. alcalde, de conformidade co previsto no artigo 91.4 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, e no artigo 33 do Regulamento orgánico, pregunta se algún grupo municipal quere presentar algunha moción de urxencia, sen que se presente ningunha polos grupos municipais.

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO BNG.**

O/a concelleiro/a do BNG, formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Fernández refírese ás pistas de San Domingo, dos interiores e da que vai cara a autoestrada, e sinala que houbo unha reclamación veciñal de xa hai moito tempo,

engadindo que o estado das pistas é evidente, só hai que velas.

Explica que, segundo dicían os veciños, xa había un compromiso por parte do goberno municipal de telas como prioritarias, polo que roga ao goberno municipal que atenda esas demandas veciñais e que cumpra eses compromisos.

A sra. Lemus sinala que é certo que se comentou no seu momento, hai uns meses, que estaría na orde de obras prioritarias. Explica que está feito o levantamento topográfico e agora mesmo se está facendo o proxecto para intentar xa executalo co POS ou con fondos propios, dependendo das cantidades. Salienta a sra. Lemus que verdade que aí quedaron dúas zoas prioritarias, as pistas tanto de San Domingo como de Insua, e das dúas se está facendo o proxecto actualmente porque si que é verdade que se atoparon outras necesidades tamén moi urxentes de viais e non se pode chegar a todos os sitios. Salienta a sra. Lemus que está dentro das súas prioridades e lamenta non dar chegado todos os anos a todas as pistas.

2.- O sr. Fernández sinala que este verán, cree que no mes de xullo, contactou co departamento de urbanismo do Concello para comentar un problema que xa é recorrente, que é grave, que sucede alí en Luou, na Igrexa de Luou, diante dun negocio que hai alí, a cantina, porque cando chove aquilo anégase, chegándose a ter problemas para poder traballar, xa que a xente así non pode nin entrar nin saír do establecemento.

Lembra que daquela falou coa concelleira de urbanismo e esta dixo que ía a miralo. Sinala o sr. Fernández que lle consta que foi alí co técnico municipal a mirar o tema. Sinala que tamén falou co Alcalde do tema e que en todo caso o problema é grave, porque afecta ao funcionamento dun negocio e ten que ver cunha obra feita, se non foi polo concello directamente si que foi por Aquagest no seu momento, e está xerando moitos problemas. Pide o sr. Fernández que se intente facer algo canto antes, antes de que veñan as choivas de novo, e intentar buscarlle unha solución aínda que sexa temporal, pero polo menos unha solución inicial, que alivie temporalmente o problema, para que siga funcionando o negocio, aínda que saben que é unha obra que require incluso levantar saneamento. Sinala o sr. Fernández que habería que ver que pasa aí porque hai máis problemas.

Lembra o sr. Fernández que o BNG formulou un rogo, por escrito, no que se reclamaba á Deputación da Coruña o rebaixe da estrada. É verdade que o rebaixe desa estrada é algo de difícil solución, e aínda que saben cal que é a solución, vai ser difícil que o fagan. Se se vai alí vese claramente como se foi botando capa sobre capa e do estado inicial a como está agora aumentou moito e iso tamén agrava o problema que existe alí coa auga.

Considera o sr. Fernández que haberá que intentar seguir falando coa Deputación para ver tamén se por parte deles hai algún tipo de solución.

Sinala o sr. Fernández que é certo que co tema desa estrada case se pode dicir que todos teñen responsabilidade, porque a Deputación da Coruña é verdade que non estivo gobernada exclusivamente por un partido nos últimos 40 anos, senón que foron varios, incluído o BNG, aínda que non levou nunca esa área, pero tamén son e foron parte, ao igual que o foi o PP, durante moitos máis anos que calquera. Sinala o sr. Fernández que o di porque cando se fala de que “*alí foise enchendo*” parece que so o fixo quen está agora, e non é así, senón que se trata dun problema que vén de atrás. Considera que hai que intentar falar con eles para ver se hai algún tipo de solución ou polo menos que non sigan aumentando máis aínda.

Conclúe o sr. Fernández sinalando que en todo caso o importante é buscarlle unha solución, se a hai, e esperar que algo se poida facer, para aliviar no inmediato a problemática que vai vir cando veñan as choivas.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, quen di que el tamén quería abordar este tema con certa profundidade, e propón facelo agora, para non repetilo.

O sr. Sánchez sinala que no Pleno do mes de xullo, por petición da veciñanza, se solicitaban unha serie de medidas alí de cara aos peóns. Salienta que en varias ocasións en Pleno lembraba que a veciñanza de alí, en numerosas ocasións, dixera que a altura da estrada era superior ao que debería de ser, que se precisaba un rebaixe, ect, etc... Sinala que este problema vén de vello, non é novo e tense comentado no Pleno. Explica que a súa sorpresa maiúscula foi cando este tema o citou no mes de xullo e poucas semanas despois pasou un camión para asfaltar aquilo, non tendo en consideración nada do que se dixera, é dicir, non rebaixando absolutamente

nada, senón poñendo a capa por riba do que había, co cal se acrecentaba o problema. Sinala o sr. Sánchez que el non lle está botando a culpa nin a uns nin a outros, xa que da igual de quen fora, porque o importante é ser resolutivos coa cuestión.

Explica o sr. Sánchez que se puxo unha capa por riba da que estaba, engadindo que non se vai a referir á necesidade que tiña aquilo, porque o alcalde pasa seguramente por alí con máis frecuencia ca el, pero cree lembrar que o único que había era que estaba empezando a escascarillarse un pouquiño alí xunto a marquesiña do autobús, pero non sabe que necesidade había de asfaltar aquilo.

Explica o sr. Sánchez que os problemas agora veñen acrecentados pola nova execución que se acaba de facer, que dende logo foi para abraio da veciñanza coa que falou, debendo quedar claro tamén que é consecuencia dunha mala execución previa.

Reitera o sr. Sánchez que é igual quen fora culpable, que fora o Concello, que fora a Deputación, que foran dun partido ou que foran doutro, porque o realmente importante é buscarlle xa unha solución, solución que considera que non é complicada.

O sr. Sánchez di que o único que solicita é que, dunha vez por todas, se solucione o problema. Saliente que as terrazas, como é ben sabido, xa anos atrás por motivo do tabaco e agora con motivo do COVID, son moitísimo máis utilizadas, dito polos propios hostaleiros, co cal habería que colaborar na medida do posible cos estes no que se poida e sobre todo con este problema de drenaxe de auga que é moi evidente.

A sra. Lemus sinala que vai a ter que ir por partes. Explica que a obra a executou a Deputación, coma todas as obras que executa a Deputación nas súas estradas. Sinala que, en descargo da Deputación, ten que dicir que neste caso a subida do aglomerado foi exactamente medio centímetro porque é un microaglomerado, e é unha cuestión que leva facendo a Deputación varios anos, non tanto polo mal estado da pista senón porque di que fai un ruído especial, para reducir a velocidade, e din que é moi convinte. Sinala a sra. Lemus que aí xa teñen diferenzas de criterio, e eles non están de acordo con esa posición, ademais tampouco entenden que se gaña con iso, pero é que ademais foi botado un día de bastante calor e acabou en calquera sitio menos onde tiña que estar, porque o levaron todos os coches que pasaron por alí.

Explica a sra. Lemus que onte mesmo o sr. Moñino lle preguntaba qué pasaba coas obras da Deputación, se se comunican ao Concello. Explica que non o fan, nin as da Deputación nin as da Xunta, nin a AP9 comunica nada, non se esixe unha comunicación previa, e tampouco a fan nunca. Salienta que o di así de claro, e que non se trata dunha crítica política, senón institucional, porque as Administracións nunca comunican as obras que se van a facer en Teo e resulta chamativo. Explica que se ten falado algunha vez co Presidente da Deputación de que non queren un reaglomerado da Igrexa de Luou senón que queren outro tipo de medidas.

Explica que, independentemente do fresado, que cree que é unha das saídas posibles desa pista, é verdade que a propia configuración das beirarrúas, fai que xa quede moito máis alta, e hai unha diferenza de cota xa moi considerable de inicio, é dicir, que independentemente de que a Deputación estea metendo metros e metros absurdos de microaglomerado ou o que sexa ano tras ano, hai un problema da beiravía que segue estando moito máis alta, por un problema de cota.

Explica a sra. Lemus que se argumenta polos veciños que é verdade que hai unha obra supostamente feita por Aquaguest. Sinala que ela non discute a obra nin como se fixo, porque o descoñece. Explica que o luns ten unha reunión na Deputación para falar deste tema co enxeñeiro da zona, desta e doutras obras que teñen en Teo pendentes, porque si que é verdade que non lle ven unha solución tan fácil como a que parece ser que hai, tal e como opina o arquitecto municipal, resultando complicado pola diferenza de cota.

Explica a sra. Lemus que si que é verdade que nos últimos tempos fixeron bastante obra, polo menos no outro lado están quitadas todas as pluviais, e se fixo a obra de retirada de pluviais por diante da Mámoa, polo que se evitou unha parte, pero é verdade que agora mesmo lles entra auga, e ademais esa zona, que ten aberta e unha canle perfecta para o apozamento, ademais fai un pouco de vagoada e non hai cuneta nese lado, ou sexa, é o sitio perfecto para acumular auga, e o ve complicado.

Sinala a sra. Lemus que tamén hai que ter en conta o feito de que non é a única actividade que se queixa da entrada da auga, senón que toda a zona se queixa moito e

que hai ademais unha serie de parcelas privadas nesa zona, é dicir, non é todo público, polo que non é tan fácil e agora, polo que lle comentaron na Mámoa, estaban intentando falar cos veciños para facer algún tipo de cesión ao Concello a ver se chegamos a unha certa reurbanización da zona, que poida evitar este problema.

Sinala a sra. Lemus que en todo caso ela o luns vai a falar co técnico da Deputación, a ver o que se lles ocorre entre todos. Sinala a sra. Lemus que ela foi alí co técnico, co arquitecto municipal, e este non o vía tan fácil, porque a estrada segue estando alta e tampouco se pode subir a cota da entrada das casas. Sinala que eles falaban dunha reixa, pero hai outros problemas que xa saben todos cales son, quen mantén as reixas, porque se tupen, e en momento de trompas é imposible evitalo. Salienta a sra. Lemus que están enriba do tema e non se esquecen del, todo o contrario, e si que intentarán buscar unha saída, igual que buscaron unha saída a outra saída de pluviais, que era a da Horta do Cura, onde está o cruceiro, que puxeron unha reixa para evitar esa caída de auga por esa zona.

Remata a sra. Lemus sinalando que en todo caso a partir de luns a ver o que se fala na Deputación e llo irá contando ás/aos concelleiras/os.

O sra. Sánchez, dirixíndose á sra. Lemus, pregúntalle se, á marxe do cambio climático e á marxe de xestións coa Deputación, pode garantir se ese problema se vai solucionar. Pregúntalle así mesmo o sr. Sánchez cando cree que se podería ter unha solución a esa cuestión

A sra. Lemus sinala que, coa intensidade do Pleno de hoxe, ten que dicir que ten un punto curioso “por todos vós”. Sinala que hai un momento que se acusou ao concelleiro de Servizos sociais, como non estaba de acordo cunha frase que supostamente el dixo, de que estaba mentindo, se lle acusou de chamar mentiroso aos veciño, e agora o sr. Sánchez lle di se ela asegura se vai a solucionar o problema e o prazo. A sra. Lemus dille ao sr. Sánchez que non llo pode asegurar e non sabe en que prazo.

Di a sra. Lemus que agora o sr. Sánchez pode dicir, “*a concelleira está en contra dos veciños e non quere solucionar*” o problema, porque o sr. Sánchez pode dicir o que queira, pero ela non lle vai a mentir. Reitera a sra. Lemus que non ten nin idea, engadindo que ela non é unha técnica de Urbanismo, non é arquitecta municipal.

Explica que se o sr. Sánchez estivera alí na reunión cando estiveron eles, co arquitecto municipal, que ten boa fe para solucionar os problemas, vería que non puxo cara de que isto se soluciona cunha reixa. O problema é moito máis grande do que parece nunha primeira visión polo que non pode dicir nin prazos nin pode dicir que se vai a solucionar. Explica a sra. Lemus que ao igual que intentaron solucionar o tema da Horta no Cura na caída das pluviais, o día que caeu a tromba, que ela estaba por alí cerca e foi a mirar, incluso na reixa do concello de pluviais, que de verdade é potente, aquilo non daba achicado.

Reitera a sra. Lemus que non pode garantir que se vai a solucionar o problema e tampouco falar de prazos, engadindo que se por ela fora se arranxaría mañá e que é ilóxico pensar que teñen algún interese no concello en meterlle auga a unha actividade, porque sería absurdo. Reitera a sra. Lemus que non sabe como se vai a solucionar o problema, engadindo que lle gustaría dicirlle ao sr. Sánchez que se vai a solucionar mañá e ás 9 da mañá pero non vai ser posible.

O sr. Sánchez di que seguro que a sra. Lemus comprende que el lle pida un compromiso e que lle pida unha data.

A sra. Lemus, dirixíndose ao sr. Sánchez, dille que se ela mañá vai á Deputación a falar diso será porque lle interesa.

O sr. alcalde sinala que, en todo caso e meténdose onde non lle chaman, ve difícil un arranxo se non hai unha reforma integral igual que agora se fixo da parte de arriba da estrada, unha reforma integral do conxunto de abaixo, onde hai un problema serio co tema da propiedade e demais. Sinala que é certo que aínda que se rebaixase unha cuarta a estrada seguiría estando máis alta que a entrada, e tampouco é un problema que xurda agora especificamente porque a estrada, non tan alta, pero moito máis alta que a entrada estaba hai xa 10 anos e a obra de saneamento pois tamén se fixo hai 7 ou 8 anos, é dicir, que é unha cuestión que hai que solucionar, é evidente, e que se ten unha solución fácil se solucionará en un mes e se ten unha máis complicada pois haberá que meterlle unha saída máis complexa.

O sr. alcalde explica que iso enlaza con outro problema básico, que é o problema da seguridade alí. Explica que non se pode meter unha estrada da Deputación que na zona de Ames ten un ancho de 15 metros por sitios onde non chega a 5, ese é o problema. Trátase dun problema serio e que aí si que choca cun problema conceptual dos técnicos da Deputación. Explica que aquí non se pon un badén, non se fai un rebaixe, non se pon unha zona de prioridade peonil en ningunha estrada da Deputación salvo que estea nun enclave urbano, como Bertamiráns, e porén en Pontevedra, e os técnicos deben de ser igual de competentes que os da Coruña, a estrada provincial está chea de todo. Salaria o sr. alcalde que se trata dun problema serio.

Sinala o sr. alcalde que despois hai un feito, que para todos é denigrante, e que se ten comentado, xa que a estrada será da Deputación pero está en Teo, e un mínimo de respecto debería de ter co Concello, este quen este na Deputación. Remata o sr. alcalde sinalando que é un problema que teñen presente e que depende dunha complexidade técnica para solventalo.

Intervén a sra. Lemus e sinala que o mesmo día que estaban executando as obras, o sr. alcalde estaba de vacacións pero faláron e se mandou un escrito á Deputación amosando a indignación por facer esas obras que non tiñan ningún sentido e que ademais se lle comentou a comunicación constante da necesidade de mellorar a seguridade viaria, que non lles estaban facendo nin caso e que o capataz se dedicaba a botarlle eslurri, e así non se vai a solucionar nada.

3.- O sr. Fernández sinala que, con respecto á reunión coas Ampas de Teo, dos colexios e do IES, hai varias cuestións que quería poñer sobre a mesa. Unha é o tema das máscaras para as familias con menos recursos, porque non sabe se está contemplado en servizos sociais.

O sr. Iglesias sinala que, por distintas vías, se están repartindo máscaras.

Tratándose das actividades extraescolares, sinala o sr. Fernández que, á vista do que dixo o sr. alcalde, parece que se está valorando o tema de atender o problema que xera o feito de que as actividades extraescolares non se están facendo.

O sr. Iglesias explica que tiveron unha reunión e non é tan sinxelo organizalo e o que



se abordou foi o de intentar establecer un mecanismo, unha actividade de conciliación, que salvara a primeira hora da tarde, porén hai o problema do espazo para facela, polo que se está traballando no tema cos CEIPs e cas Ampas, esperando que no mes de outubro se aclararen unhas cuestións básicas, como é onde e cantos e como se organiza e que necesidades hai, entendendo que en novembro se pode empezar a prestar algún servizo máis.

O sr. Iglesias explica que tiveron unha reunión coa comunidades educativa en conxunto porque é un tema que afecta moitísimo. Explica que hai varios temas graves na conciliación e o máis grave de todos é evidentemente a falta de comedor nos Tilos, que está creando un problema nas familias salvaxe, e logo en cada cole teñen unha necesidade específica que hai que ver como se aborda.

4.- O sr. Fernández refírese ás bases para as subvencións ás Ampas. Sinala que a efectos de xustificar actividades están feitas dunha maneira que sería para unha situación de normalidade, pero non coa nova normalidade, e se se manteñen as bases tal e como están van a ter moi difícil xustificar as súas subvencións.

A sra. Argibay explica que, conscientes coa situación, as bases se modificaron e se incluíu un apartado no que se especificaba que se podían tamén incluír aqueles gastos que se fixeran de material relacionado coa pandemia, co tema COVID. Aclara que este tema tamén se falou coas Ampas, que polo tanto estas o saben, ao igual que os colexios.

A concelleira do PP, sra. Vázquez, sinala que no último consello escolar no CEIP se falou diso.

O sr. Fernández sinala que non é coñecido por todos.

5.- Sinala o sr. Fernández que hai unha fonte na Torre que está por riba do centro social que ten un latiguillo solto e leva semanas botando auga. Considera o sr. Fernández que é importante atallar ese problema.

6.- Sinala o sr. Fernández que hai un tema que lle comeza a preocupar a el e a todos os veciños de Teo, que é o tema das fochancas, engadindo que ata que non colles unha non te das conta de que é un problema de verdade.

Explica que agora mesmo, por exemplo, hai unha en Solláns que é tremenda, tres en Carballal, tamén na estrada ao Punto limpo, en definitiva por todas as pistas do concello, nunhas máis que noutras, pero é importante facer unha revisión e polo menos botarlle algo, xa que provocan danos nos vehículos e poden provocar un accidente.

7.- Sinala o sr. Fernández que en Mouromorto se puxo todo o sistema de farolas, pero non se puxeron estas. Interésase polo tema.

A sra. Lemus sinala que houbo que encargar unha columnas novas e están pendentes de recibilas, engadindo que van a tardar porque, ao igual que acontece coas luminarias, deben ter un problema de produción como consecuencia do COVID e estase retrasando moito o envío.

8.- Pregunta o sr. Fernández se o Concello se vai a unir ao Plan de emprego local da Deputación da Coruña.

O sr. alcalde explica que había un problema coa xustificación que tiña que dar intervención do cumprimento da estabilidade orzamentaria, entendendo que, visto o visto, non é un requisito que se vaia a pedir e se é así claro que se vai a participar

9.- Sinala o sr. Fernández que en Mouromorto hai dúas marquesinas, unha que é unha reliquia que xa forma parte do patrimonio histórico, e outra máis arriba. Explica que a queixa veciñal é que non coincide o paso de peóns coa marquesiñas e solicita que se mire o tema.

10.- A sra. Diéguez refírese ás fochancas e sinala que hai algunha que ao mellor está escondida, por exemplo na pista que vai de Ribas polo camiño da batalla de Cacheiras, ao lado da autovía que hai unhas pistas, e hai unha que baixa para Vedra, pola que non pasan moitos coches, e un pouco máis adiante pon “Concello de Teo”. Di a sra. Diéguez que se supón que a partir de alí é Vedra, pero antes hai dou ou tres fochancas moi grandes.

Sinala a sra. Diéguez que hai unha moi importante que está na estrada que baixa dos Verxeis a Ribas, antes do taller das motos.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PSdeG-PSOE.**

Os/as concelleiros/as do PSdeG-PSOE non formulan ningún rogo nin pregunta.

### **ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS POLO PP.**

Os/as concelleiros/as do PP formulan os/as seguintes rogos e preguntas:

1.- O sr. Guerra sinala que nos Tilos lle din que os contedores levan semanas sen retirar o papel e interésase polo tema.

O sr. alcalde explica que están tendo un problema serio co papel e renegociouse, aínda que o contrato está en precario. Estase intentando propoñer unha solución única e englobalo dentro do contrato xeral que se vai a facer, polo que se trata dunha situación transitoria, e aínda así se reformulou o contrato con Coregal para solucionar o tema do papel, pero os resultados seguen sendo nefastos. Explica o sr. alcalde que a caída do prezo do papel é brutal, polo que supón que haberá que pagar máis para conseguir que se retire, reiterando que están tendo moitos problemas e as queixas son continuas, polo que se intentara mirar outra vez este problema.

2.- Sinala o sr. Guerra que os veciños lle din que a masa común de Lamas-Cacheiras está descoidada e que quedaría ben poñer alí uns bancos.

3.- O sr. Guerra refírese ao Xirimbao e explica que lle avisaron, e o foi a corroborar, que onde hai unha cancela para pasar, por onde está a casa do garda Ríos, houbo un cancelo e irrompe un ferro e se vai un rapaz pódese lastimar.

4.- O sr. Guerra di que baixando por Pontevea, de fronte ao consultorio médico, á esquerda, está a casa de Manuel Sobredo Rosende e hai un camiño que vai dar á chamada Lagoa, un camiño que ao final non ten saída. Sinala que onde a de Carmen Cajaraville Campos houbo un pequeno derrubo e habería que ver de reparalo.

5.- Di o sr. Guerra que lle comentaron que na costa da Baña hai unha pista que vai da estrada de San Xulián á ponte, que vai sobre o río que nos separa con Vedra, no Eio dos Ferreiros. Pregunta cando se vai asfaltar esa estrada, engadindo que os veciños

están descontentos porque parece que se ía a asfaltar integralmente e foron alí a botarlle uns pegotes.

A sra. Lemus resposta que é a seguinte en licitar, porén como tarda uns meses polo menos se arraxaron os baches para que non deixaran unha roda.

6.- O sr. Guerra di que lle chamaron da Poboia e foi alí. Explica que parece que se lles prometeu asfaltar integramente o camiño e non se fixo, e xa caeron alí tres señoras e se lastimaron, e parece que unha rompeu os dentes, e a persoa que lle chamou parece que rompeu unha llanta do coche.

A sra. Lemus explica que acontece o mesmo que en San Domingos, engadindo que non chegan a todo.

7.- O sr. Guerra refírese ao teleclub de Baamonde e di que é a cuarta vez que fala del no Pleno. Sinala que hai que reparar sete tellas que se moveron, ten os cristais rotos, as ventas destrozadas, o tellado vai a caer abaixo, etc, e leva chovendo dentro dende hai sete meses. Considera que, polo menos, debería agora mesmo arranxarse o tema das tellas.

8.- Pregunta o sr. Guerra se se sabe algo da estrada de Oza.

O sr. alcalde sinala que dende a Deputación seguen sen responder.

Intervén a concelleira do PSOE, sra. Argibay e sinala que respecto ao Teleclub de Bamonde ao seu grupo tamén lle chegou unha petición, e estiveron alí mirando, e non só se van a reparar as sete tellas, senón que se fará bastante máis, porque hai que cortar algunha póla da árbore e facer unha reparación completa. Explica a sra. Argibay que xa teñen pedido un orzamento e en breve se fará.

9.- Intervén a sra. Nariño e di que, aínda que non sabe de quen é competencia, lle gustaría comentar que a sinal que xusto está sinalizando Olveira, xusto no mesmo cruce que vai para ir á Residencia de Pontevea, está toda dobrada e habería que poñer outra sinal.

10.- A sra. Nariño di que quería facerlle un par de preguntas á sra. Lemus, ao ser a responsable de obras. Refírese a un viario xa rematado en Penelas e sinala que,

inicialmente, cando se solicitou ese viario había unha zona en concreto que ía ser loxicamente formigonada porque Patrimonio así o esixía porque é certo que había formigón inicialmente. Pregunta a sr. Nariño porque se lle botou chapapote encima do formigón, se Patrimonio o ve ben e cal é a razón que motivou o cambio, porque era de formigón de toda a vida.

O sr. Moñino explica que os técnicos consideraron que non era necesario, se fixo a consultar pertinente e se puxo de aglomerado.

A sra. Lemus aclara que no proxecto non viña nada de formigón.

11.- A sra. Nariño sinala que quería deixar constancia de que houbo unha petición nese viario, por algún veciño da zona, onde se deu un preaviso antes de que se rematara a obra, de que hai unha curva en concreto onde se anega, onde invade bastante, e de feito pasou días previos de facerse esa obra que anegou, porque choveu moito.

Di a sra. Nariño que entón sorprende que finalmente se fixo como estaba, cando era tan sinxelo como poñer un tubo, e se lle fixo caso omiso aos veciños. A sra. Nariño di que lle parece algo triste cando os veciños queren colaborar para que algo finalmente quede ben, que non se lles atenda. Lembra a sra. Nariño que é certo que na reunión que mantivo a sra. Lemus cos veciños de Penalas, os veciños dixeron que se transmitira que o que non estaba feito non se ía facer. A sra. Nariño di que lle gustaría deixar patente que se da a entender que se non se fixo algo ou se estaba mal feito vaise manter como estaba.

A sra. Lemus explica que o que se dixo foi que o que estaba no proxecto se ía executar tal e como estaba, e se había algunha cousa que había que cambiar tería que ser obxecto dun modificado, que non se pode facer. Explica que alí se falou, e falouse incluso cos veciños, e incluso foron despois ao cabo duns días coa obra xa feita. Falaron coa asociación de veciños e comentouse que nese caso se ía a esperar a que chovera un pouco porque nin sequera os propios técnicos, contratista e o arquitecto director de obra, sabían moi ben como solucionar o problema, porque é unha dobre vagoada, pero non pasaba nada, que se ía a mirar e que se comprometían a buscar unha solución, que se ía facer, pero non no proxecto de obra, que a obra estaba pechada.

Explica a sra. Lemus que se fixeron dúas entradas que non estaban no proxecto e eran necesarias, e iso si que entraba dentro da unidade de obra, e sinalouse que as cousas que se puideran facer fóra do proxecto se farían despois con fondos propios como se fixeron en moitas obras. Salienta a sra. Lemus que por parte do departamento de urbanismo nunca se pechan a facer obras, o que pasa é que si que é verdade que os proxectos son o que son e é verdade que se poden estirar ata onde se poden estirar, e nese caso era xa con aglomerado e era cuestión de facer un pase de auga que se fará.

A sra. Nariño di que o que lle sorprende é que a forma de proceder sexa esta. É dicir, normalmente, se para solventar un problema sinxelo, porque é sinxelo, hai que facer a estrada, deixala mal, que vaia a anegar..., dentro dun ano haberá queixas porque a estrada se vai a desfacer, porque é o normal. Sinala a sra. Nariño que a sra. Lemus lle diga que se vai a facer lle parece moi ben, pero que se faga algo que despois se vai a desfacer, descoñece ata que punto non se pode facer previamente.

A sra. Nariño di que nesa estrada antes pasaban dous coches xustos, pero pasaban, e agora mellor non intentalo porque se pode caer á cuneta. Considera a sra. Nariño que é sorprendente que se siga traballando deste xeito, engadindo que se ten que tender a anchar a estrada, non a facela máis estreita, porque nesa curva en concreto non collen dous vehículos, é materialmente imposible, e como nesa acontece en infinidades de estradas, unha en concreto na que se demandou o ensanchamento é a do parque de Penelas, que baixa cara abaixo. Explica que nese caso ela insistiu porque considera que é un tramo de estrada longo, se fixo novo, xa era estreito e había que pararse para que pasara o seguinte, e aínda se estreitou máis. Remata a sra. Nariño sinalando que é sorprendente que esta sexa a forma de traballar facendo estradas, e reiterando que ela segue mantendo que non se fan ben .

A sra. Lemus explica que entre a reunión dos veciños e posteriormente a execución da obra xurdiu isto, pero xa se estaba executando a obra, pero na reunión non se falou nada do tema.

O sr. Moñino di que lle avisou un veciño o venres e foi a ver o tema co contratista e co arquitecto e se vai a mirar o tema porén a solución non é tan fácil como di a sra. Nariño

A sra. Nariño di que se fixera previamente un aviso.

A sra. Lemus reitera que a sra. Nariño quere que a obra se fixera nese momento e nese momento non se podía facer pero se fará sen problema e se a concelleira do PP considera que non é a forma correcta, é o seu criterio, e ela non llo vai a discutir

12.- A sra. Calvo sinala que no parque a urbanización San Sadurniño, en Montouto, os veciños queren saber se o parque está pechado ou aberto, porque as cintas están rotas e non saben se é que están rotas por calquera cuestión ou porque está aberto.

O sr. alcalde explica que inicialmente estaban abertos os cinco parques, porén a situación cambiou e na próxima semana darán un repaso a todos os parques establecendo as súas condicións con cartelería e demais.

A sra. Nariño pregunta que ocorre agora mesmo, respondendo o sr. alcalde que agora mesmo non están abertos.

A concelleira pregunta se podería alguén achegarse e poñer unha cinta.

13.- A sra. Calvo diríxese á sra. Lemus e dille que ela non acusou ao concelleiro de nada, senón que simplemente preguntou se era verdade o que os pais e nais dicían, que é distinto de acusar.

14.- A sra. Calvo di que os veciños da aldea de San Domingo falan tamén co seu grupo. Explica que estivo por alí e que a aldea está francamente mal, xa que fai moito tempo que non se fai nada alí e nótase dabondo.

Explica que os veciños lle din que a sra. Lemus é coñecedora de todo o que vai a relatar en relación coas súas necesidades, porque estivo por alí co arquitecto e os veciños empezaron a pedirle cousas. Explica a sra. Calvo que a sra. Lemus lle dixo que priorizasen e o fixeron, pero nin con iso se fixo nada alí.

Refírese e concreta a sra. Calvo as demandas dos veciños, e sinala que piden asfaltar un tramo completo, de entre 200 e 300 metros, que vai dende unha pista ata a chamada casa da viúva. Explica que nestes intreos a limpeza de beiravías estase a realizar polos propios veciños, cando iso lle corresponde ao Concello, que debería facerse cargo. Falta tamén canalización e debido a isto inúndase a eira que está pola parte máis baixa, nesta mesma pista que está falando, na casa da viúva.

Explica a sra. Calvo que o problema do asfaltado é tremendo, e de feito teñen máis fochancas e máis herba polo medio que realmente asfaltado nas rúas, a parada de bus, dirección a Santiago, non ten marquesiña e din que está mal ubicada, porque de feito teñen que ir pola estrada. Sinala a sra. Calvo que tampouco teñen container para recollida de vidro e piden se se podería poñer mobiliario urbano, porque non teñen nin un triste banco para sentarse, e alí a xente é maior.

Sinala a sra. Calvo que alegan que en cambio se executan obras que ninguén pediu nin se consensuaron cos veciños, que está ben que se fagan, pero que hai outras prioridades cando no medio das rúas nin sequera poden case camiñar. Din que está o asfaltado totalmente destrozado, herbas polo medio, e alí a xente é bastante maior e pódense caer, engadindo que claro, que para ir ao centro de saúde está moi ben a senda, pero que todos eles van en coche.

Considera a sra. Calvo que hai que meter man alí como sexa.

15.- A sra. Vázquez di que no aparcadoiro de Pontevea, xusto na entrada, marcharon as pedras da entrada, porque xusto cadra coa acera, e se se pode ir alí a cubrir antes de que vaia a máis.

16.- Pregunta a sra. Vázquez se se chegou a facer algún tipo de desratización en Pontevea porque están aparecendo ratas.

O sr. alcalde di que se mirará.

17.- Pregunta a sra. Vázquez se hai algún tipo de avance de cara ó alumeado da ponte BIC.

A sra. Lemus resposta que que se pediu autorización a Patrimonio e hai tres semanas ou algo así que mandaron o modelo porque lle deron varias voltas do que se quería e a idea que lles parecía menos invasiva era colocar proxectores nos báculos da existente, de forma que se ilumine indirectamente, e non teñen resposta. Sinala que cando a teña avisara.

18.- Pregunta a sra. Vázquez se chegaron a ir a ver o último tramo ese entre Lampai e Carcacía.



A sra. Lemus resposta que si.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz